

INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN

CICLO ACADÉMICO
2013/14 - 2019/20

ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO UNIVERSIDADE DE VIGO

1. DATOS DO PROGRAMA	
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	PD en Estudos lingüísticos
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVA	UNIVERSIDADE DE VIGO
EN CASO DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	Universidade de Vigo Universidade da Coruña
CENTRO/ESCOLA RESPONSABLE	ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDO)
CENTRO/S PARTICIPANTES	Facultade de Filoloxía e Tradución (VIGO) Facultade de Filoloxía (A CORUÑA)
CÓDIGOS ISCED	220 (Humanidades), 223 (Lenguas y dialectos españoles)
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2013/14
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	26 de setembro de 2013
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	

Validado pola Comisión de Calidade da EIDO da Universidade de Vigo o día 21 de maio de 2021

Aprobado pola CAPD do programa o día 7 de maio de 2021

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO	
DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA	
CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: O programa de doutoramento implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada e, no seu caso, nas súas respectivas modificacións.	
1.1.- O programa mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos. Os cambios introducidos no programa e que non se someteran a modificación non alteran o nivel 4 do MECES e permitiron a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina.	
Aspectos a valorar:	
- O perfil de egreso do programa mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito, tendo en conta os avances científicos e tecnolóxicos da disciplina. - Imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade.	
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:	
De acordo coa memoria aprobada no ano 2013, e tendo en conta a reflexión feita en 2018, con motivo do informe de seguimento, podemos afirmar que hoxe en día o PD Interuniversitario en Estudos Lingüísticos continúa a proporcionar formación avanzada e especializada para adquirir unha capacidade investigadora nos ámbitos de lingua española, galega, portuguesa e lingüística xeral, mantendo unha oferta actualizada e de calidade tanto nas actividades formativas como na supervisión de teses doutorais. Non obstante, debe terse en conta que o informe presentado no ano 2018 non foi avaliado, polo que non contamos con retroalimentación ningunha para valorar en que medida o PD se axusta aos criterios e expectativas dos órganos avaliadores. O PD mantén unha demanda ao longo do tempo, malia que nos primeiros cursos o número de candidaturas que non se podía atender era maior (ver IPD02, en comparación co dato de IPD01). A oferta foise axustando á demanda, de tal xeito que a partir do curso 2016-2017 ampliouse o número de prazas por riba do número proposto inicialmente na memoria de verificación (12), coa autorización da Comisión Permanente da EIDO. As teses defendidas desenvolven temáticas diversas con metodoloxías orixinais e ben cimentadas teoricamente, e ademais permitiron dar a coñecer os resultados de investigación a través dunha cantidade relevante de contribucións científicas (ver táboas 4 e 5, nas evidencias 23 e 24). Estas publicacións saídas das teses, unidas ao elevado número de sexenios do profesorado (EPD19 ou táboa 1, IPD15) e á participación dos diferentes equipos en proxectos de investigación subvencionados en convocatorias públicas (EPD21), mostran que o PD está plenamente actualizado en relación cos avances científicos das súas áreas de coñecemento. Ata o momento os cambios realizados foron menores e teñen que ver con altas e baixas do profesorado. O perfil de egreso correspóndese con titulados/as con formación para ensinar e investigar nos ciclos universitarios (o 50% das persoas egresadas traballan na universidade, ver IPD20). <i>Grupos de investigación relacionados co programa e relación cos centros de investigación da universidade:</i> A seguir relaciónanse os grupos de investigación nos que se distribúe o profesorado adscrito ao PD. Para cada un, proporciónase un enlace con máis información: - COLE: https://bidi.uvigo.gal/es/grupo/compiladores-e-linguaxes-cole - GRADES: https://bidi.uvigo.gal/es/grupo/gramatica-discurso-e-sociedades-grades	

- GRILES: <http://griles.webs.uvigo.es/>
- HISLING: <https://bidi.uvigo.gal/es/grupo/hislinglinguistica-hispanica>
- Hispania: <https://investigacion.udc.es/es/Research/Details/G000208>,
<https://www.udc.es/Hispania>
- ILLA: <https://investigacion.udc.es/gl/Research/Details/G000497> <https://illa.udc.gal/>
- LiDeS: <https://investigacion.udc.es/gl/Research/Details/E000694>
- LyS: <https://investigacion.udc.es/gl/Research/Details/G00079>, <https://www.grupolys.org>
- RomanIcom: <https://investigacion.udc.es/gl/Research/Details/G000406>
- TALG: <https://bidi.uvigo.gal/es/grupo/tecnoloxias-e-aplicacions-da-linqua-galega>
- LVTC: <http://lvtc.uvigo.es/>; https://bidi.uvigo.gal/gl/grupo/variacion-linguistica-e-categorizacion-textual-lvtc?destination=%252Fgl%252Fcontents-search%253Ftype%253Dinvestigation_group%2526custom_search%253Dlanguage%252Bvariation

Polo momento, non existen centros de investigación en Lingüística ou Filoloxía ligados ás universidades que ofrecen conxuntamente o PD, non obstante existe o compromiso por parte das autoridades académicas da UVI de crear un. Algúns dos grupos arriba mencionados manteñen colaboracións con persoal investigador dos centros de excelencia nas dúas universidades implicadas no programa: CITIC (<https://citic.udc.es/gl/home-galego-3/>) e AtlanTTic (<https://atlanttlic.uvigo.es/>).

Valor do programa na estratexia galega, nacional e europea de I+D+i:

O PD está plenamente imbricado nas respectivas estratexias de I+D+i (proxectos, áreas de coñecemento, etc.) das dúas universidades de acordo coa información que estas difunden nas súas páxinas web. A avaliación positiva de proxectos a nivel estatal ou autonómico demostra a súa plena integración nas respectivas estratexias española e europea de I+D+i.

Para máis información, véxase a correspondente documentación dispoñíbel

para a UVIGO en <https://www.uvigo.gal/es/investigar/idi-uvigo/estrategia-investigadora>

e para a UDC en <https://www.udc.es/es/investigacion/>

1.2.- O programa dispón de mecanismos para garantir que o perfil de ingreso dos doutorandos é axeitado e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación do programa e o número de prazas ofertadas.

Aspectos a valorar:

- O perfil de ingreso dos doutorandos e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O programa de doutoramento conta cunha oferta de liñas de investigación ampla e diversa, de tal xeito que o alumnado de novo ingreso pode escoller de acordo cos seus intereses. O número de prazas que se ofrece cada ano é limitado, tendo en conta o número de profesoras e profesores que integran o equipo e a diversidade de liñas que se ofrecen. Na memoria de verificación ese límite estableceuse en 12 prazas. Como se pode apreciar nas táboas que se mostran a seguir, os números do estudantado matriculado mantéñense bastante estables (IPD3). Cómpre sinalar, tamén, que o PD consegue unha porcentaxe relevante de matrículas internacionais (IPD6). No que respecta ás matrículas procedentes doutras universidades (IPD5), os datos varían duns cursos a outros, chegando a alcanzar e mesmo superar o 50% nos cursos 2014-2015 e 2018-2019, e con porcentaxes menores noutros anos académicos. Cómpre subliñar, tamén, que nos últimos anos se foron incorporando novos docentes ó cadro do doutoramento, na busca de reforzo na orientación de liñas de investigación (cfr. 4.1 e táboa 1 ou EPD19).

A seguir móstranse os datos de ingreso por curso académico (datos de matrículas novas efectivas por curso):

	UVigo	UDC	Total
Curso 2013-2014	9	4	13
Curso 2014-2015	9	5	14
Curso 2015-2016	7	5	12
Curso 2016-2017	9	3	12
Curso 2017-2018	7	6	13
Curso 2018-2019	8	3	11
Curso 2019-2020	9	3	12

E na seguinte táboa móstrase o número de estudantes estranxeiros/as que se matricularon en cada curso académico, así como a porcentaxe que supoñen sobre o total:

	UVigo	UDC	Porcentaxe
Curso 2013-2014	1	0	7,7%
Curso 2014-2015	3	0	12%
Curso 2015-2016	2	0	6%
Curso 2016-2017	6	1	18,4%
Curso 2017-2018	7	2	19'5%
Curso 2018-2019	9	2	22%
Curso 2019-2020	10	2	22'6%

No que toca aos complementos formativos (IPD07), a CAPD aconsella que se cursen por parte do estudiantado de novo ingreso que non procede de estudos de grao e máster estritamente lingüísticos. Como esta circunstancia depende da demanda de cada curso, entendemos que non procede facer unha valoración en termos de progresión, máis alá de comentar que se trata de números variables.

Se se observa o IPD08 percíbese que a meirande parte do alumnado que se matricula ten unha dedicación completa (a porcentaxe aproxímase ao 87% no curso 2017-2018). Nos dous anos seguintes, non obstante, baixa, o que pode deberse a unha maior ocupación laboral. Cómpre observar se esta tendencia se consolida ou non, posto que a diminución nos tempos de dedicación pode reducir os índices de éxito (ver apartado 6.3). Por outra banda, se se observa o indicador IPD11, vese que o número de bolsas e contratos predoutorais é reducido en relación ao total, o que consideramos un dato complementario do anterior, posto que redunda nas dificultades do alumnado para rematar con éxito os estudos de doutoramento.

Por outra banda, o programa de doutoramento dotouse de mecanismos niveladores para evitar a concentración excesiva de estudantes nunha liña concreta e a desactivación doutras. Nomeadamente, establécese un límite segundo o cal cada profesora ou profesor pode dirixir un número máximo de tres teses de xeito simultáneo. A mesma limitación aplícase á titorización do alumnado.

As teses en desenvolvemento poden adscribirse a até tres das liñas de investigación definidas do programa. A táboa seguinte mostra o número de teses que se estaban a desenvolver en cada liña con datos do curso 2019-2020.

Liñas	UVigo	UDC	Total	%
Análise do discurso	7	4	11	14,28

Aprendizaxe de linguas	10	3	13	16,9
Bilingüismo e multilingüismo	5		5	6,5
Dialectoloxía	4		4	5,2
Gramática histórica		1	1	1,3
Lexicografía histórica		2	2	2,6
Lexicografía/ dicionarios	2	6	8	10
Lexicoloxía	1	2	3	3,9
Lingüística de corpus		1	1	1,3
Modalidades visu-xestuais da linguaxe e linguas de signos	4	1	5	6,5
Pragmática	1		1	1,3
Semántica	1		1	1,3
Sintaxe		1	1	1,3
Sociolingüística	11	3	14	18,2
Terminoloxía	1		1	1,3
Historiografía lingüística	1		1	1,3
Onomástica e toponimia	2		2	2,6
Edición textual	1		1	1,3
Fraseoloxía e paremioloxía		1	1	1,3
Tecnoloxías da linguaxe		1	1	1,3

O feito de que algunhas das liñas de investigación concentren un maior número de teses (como se observa no IPD13) débese ao seu carácter aplicado e práctico (cremos que é a explicación para o número importante de teses iniciadas sobre Aprendizaxe de linguas) ou pola súa natureza xeneralista (Sociolingüística ou Análise de Discurso).

A evidencia 3, así como tamén o indicador 12, mostran a diversidade de sistemas de acceso ao PD. Cómpre destacar que tal diversidade persiste no tempo, o que significa que, malia que a meirande parte do alumnado vén de titulacións de grao e máster relacionadas coas liñas de investigación do noso PD, aínda temos moitas candidaturas de persoas procedentes de sistemas anteriores. Polo que toca ao perfil por xénero, en todos os cursos hai maioría de mulleres, o que non debera chamar a atención posto que no noso ámbito existe unha maioría de estudantes mulleres. Por outra banda, o IPD06 mostra a atracción que ten o noso PD por parte do alumnado estranxeiro. Unha boa parte procede de Portugal, pero tamén temos estudantes doutras procedencias, como de Italia, Romanía, e fóra da UE, de Rusia, México, Brasil ou Mozambique.

A avaliación desta diversidade é positiva, xa que contribúe ao intercambio de perspectivas entre o estudiantado e esperamos que permaneza no futuro.

No que toca ás actividades formativas (evidencia 4), desde a posta en marcha do PD organizouse unha programación específica para desenvolver as previsións que se fixeran na memoria de verificación, posto que unha parte das accións formativas previstas esixían dispoñer dun calendario de actividades. Así, desde 2013-2014 ofrécense (ver EPD04):

- Un seminario introdutorio, de 10 horas de duración, que é obrigatorio para o estudiantado de novo ingreso. Cada ano convídase a unha ou dúas persoas expertas de universidades alleas ao programa para que dea/n unha charla e dialogue/n cos/coas estudantes que se acaban de matricular ou se están matriculando.

- Unha programación de seminarios de formación avanzada que se desenvolven desde outubro ou novembro ata finais de maio, dos que o alumnado ten que cursar vinte horas entre os dous primeiros anos.
- Grupos de discusión, que tamén se programan de acordo coas necesidades de formación, e que versan no primeiro curso sobre aspectos prácticos da investigación (xestión bibliográfica, plan de investigación, manexo de software de datos, etc.). No segundo ano constitúen unha práctica para que o estudantado ensaie a presentación e discusión dunha parte da súa investigación.

1.3.- O programa dispón de mecanismos axeitados de supervisión dos doutorandos e, se procede, das actividades formativas.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de supervisión dos doutorandos son axeitados e correspóndese co establecido na memoria de verificación (asignación do titor e director de teses, control do documento de actividades do doutorando, valoración anual do plan de investigación, normativa de lectura de teses... e todos aqueles que a Comisión Académica do programa teña establecido).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Establécese un seguimento por parte da coordinación do programa e mais da comisión académica, de tal xeito que a asignación de titores/as e directores/as faise nos prazos establecidos no calendario. A asignación inicial de titorización revísase no momento en que se asina o Compromiso de Supervisión, no que se integra o nome do director ou directora, de tal xeito que se delimitan claramente as funcións de ambas as dúas figuras. Unha característica específica do noso programa, que consideramos un punto forte, é que titor e director adoitan ser persoas diferentes, de xeito que o traballo do doutorando é supervisado por polo menos dúas persoas. Os cambios recentes no regulamento de profesorado nunha das dúas universidades implicadas no PD, no sentido de que a asignación de titor/a recaia nalgunha das persoas directoras¹, están facendo que esta medida, que estaba prevista na memoria de verificación, se aplique de xeito menos estrito.

No que toca á valoración do plan de investigación, máis alá dos mecanismos de garantía que establecen as disposicións oficiais, o noso Programa de Doutoramento engadiu un novidoso mecanismo de supervisión dos doutorandos/as, introducindo a defensa pública do proxecto de doutoramento por parte do estudantado, diante dun tribunal formado por tres membros, que non son necesariamente integrantes do programa e no que se procura que non figuren o seu titor/a nin director/a (aínda que non sempre é factible). No último curso incorporáronse tamén especialistas de recoñecido prestixio doutras universidades, co fin de fornecer o estudantado cunha visión máis plural do seu Plan de investigación. Esta práctica está a resultar de grande interese para a formación do estudantado, xa que non só lles ofrece a oportunidade de defender oralmente o seu traballo, senón que a discusión que se suscita redonda en beneficio do plan de investigación. Como esta acción se realiza durante o primeiro curso, nese ano académico non se fai outra avaliación.

A valoración anual dos anos seguintes realízase a través dun modelo de formulario elaborado *ad hoc* que teñen que asinar as partes implicadas: alumna/o, titor/a e director/a. No modelo prevese un breve informe sobre as actividades desenvolvidas ata o momento e o plan de traballo para a seguinte anualidade.

¹ *Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo*, art. 10. Aprobado no consello de goberno do 20/07/2012 e modificado tras os acordos dos consellos de goberno do 06/06/2014 e do 07/02/2017
(Versión aprobada polo Comité de Dirección o 17/12/2019 e aprobado polo Consello de Goberno o 27/02/2020)

Das actividades formativas (seminarios e grupos de discusión) organizadas polo programa existe sempre un coordinador/a nomeado pola CAPD que se encarga de supervisar a asistencia e aproveitamento. Outras actividades poden ser propostas ou recomendadas polo comité titor e ser documentadas antes da aprobación pola CAPD.

Todo o seguimento é supervisado pola Comisión Académica. A seguir preséntase unha táboa coas principais actividades formativas e mecanismos de control. Téñase en conta que algunhas delas son obrigatorias para todo o alumnado (por exemplo, o seminario introdutorio ten este carácter para o estudiantado do primeiro ano), en tanto que outras son recomendadas (como a estadía de investigación). Esta está recomendada "a partir do segundo ano", como tamén a publicación de (como mínimo) un artigo ou presentación dun traballo nun congreso (que pode anticiparse). No caso do alumnado procedente de programas extinguidos, que moitas veces xa realizou estancias e mesmo dispón dunha bagaxe investigadora previa, considérase que pode non ser preciso que cumpran novamente con estas esixencias, pero en calquera caso deberán facer a defensa pública do seu proxecto.

<i>Período</i>	<i>Actividades</i>	<i>Mecanismos de control</i>
1º ano	Complementos de formación (nos casos concretos en que a CAPD os recomenda)	Supervisión da CAPD Aprobación EIDO
	Seminario introdutorio <i>Perspectivas en Lingüística</i>	Control de asistencia Supervisión da CAPD Aprobación EIDO
	Grupos de discusión I	Control de asistencia Supervisión da CAPD Aprobación EIDO
	Seminarios de formación avanzada I	Control de asistencia Supervisión da CAPD Aprobación EIDO
	Defensa do Plan de Investigación	Informe e acta da comisión avaliadora Supervisión da CAPD Aprobación EIDO
2º ano	Grupos de discusión II	Control de asistencia Avaliación anual (documento asinado por titor/a e director/a) Supervisión da CAPD Aprobación EIDO
	Seminarios de formación avanzada II	Control de asistencia Avaliación anual (documento asinado por titor/a e director/a) Supervisión da CAPD Aprobación EIDO
2º/3º ano	Estadía de investigación	Certificación do centro de investigación de destino Avaliación anual (documento asinado por titor/a e director/a) Supervisión da CAPD Aprobación EIDO
	Publicación dun traballo de investigación	Acreditación que corresponda da revista ou congreso e texto do traballo
3º ano	Redacción da tese	Supervisión do director/a
	Depósito da tese	Visto e prace do titor/a e director/a Supervisión da CAPD Aprobación EIDO

No que toca á normativa de teses, as dúas universidades participantes proporcionan un fácil acceso ás respectivos regulamentos e ofrecen, ademais, guías para o estudiantado que está a punto de defendela.

UVI:

Regulamento: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/368>

Guía: <https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/teses>

UDC:

Regulamento:

https://www.udc.es/export/sites/udc/eid/_galeria_down/normativa/Regulamento_Doutoramento_CG_2_2_04_2020-Galego-PUBLICADO.pdf_2063069239.pdf

Guía: <https://www.udc.es/ql/eid/teses/tramitaciondefensa/index.html>

Os mecanismos de supervisión están a funcionar adecuadamente, polo que non se percibe a necesidade de modificalos.

Resultados de satisfacción en relación coa supervisión dos doutorandos e coas actividades formativas:

No caso concreto do estudantado, na UVI non existen resultados desagregados por programas para os cursos 2018-2019 e 2019-2020 (Ver apartado 6.4). As enquisas son diferentes para o estudantado de 1º e de 3º ano, de tal xeito que as preguntas se adaptan ás condicións de estudo de cada grupo.

Os datos xerais de satisfacción na UVI nos cursos 2018-2019 e 2019-2020 mostran valores altos para todos os ítems relacionados cos labores de supervisión, por riba do 4/5 ou moi próximos a esa cualificación, de xeito que son especialmente ben valoradas a supervisión do tutor/a e do director/a.

Para o curso 2017-2018, con datos desagregados por programa, o alumnado de 1º ano do PD en Estudos lingüísticos manifesta un grao de satisfacción máximo (5) nos ítems referidos ás tarefas do coordinador, o tutor/a, o director/a e ao conxunto de profesorado, do cal se desprende que valoran moi positivamente o labor de supervisión. Non hai valores para o estudantado de 3º ano nese curso.

Para o curso 2016-17, eses mesmos datos son iguais ou superiores ao 4,5 (5 para tutor/a e para director/a), aínda que as respostas do colectivo de 3º ano son algo máis críticas coas avaliacións anuais (2,67), pero resultan aprobadas.

No 2015-16 a valoración por parte do estudantado de 1º ano supera o 4,5 para tutor/a e director/a, é de 4,25 para o profesorado do programa no seu conxunto e de 4 para o coordinador. O de 3º ano mostra a máxima satisfacción co labor dos tutor/a e director/a (5), canto ás avaliacións anuais está bastante satisfeito (3,5).

No caso da UDC, existen enquisas a estudantes de 2017-2018 e 2019-20. Non están desagregadas polo ano de estudos. O estudantado que responde manifesta un grao de satisfacción máximo (5) para as tarefas de titorización, dirección e coordinación do programa (2019-20), e de entre 4 e 5 (ano 2017-18).

Pódese concluir que, en liñas xerais, a percepción do alumnado en relación coa supervisión do seu traballo é moi positiva.

O profesorado da UVI, pola súa parte, é en conxunto máis crítico. As puntuacións dadas aos ítems relacionados co programa formativo, aínda que son boas, non expresan unha satisfacción máxima en relación á organización e desenvolvemento do programa. Case todos os valores están, non obstante, por riba de 3,5 e algúns superan o 4, salvo o que se refire aos recursos humanos nas enquisas de 2017-18. Este resultado pode deberse ás dificultades pola falta de persoal de apoio nos cursos anteriores a 2015-16 (ver apartado 4.5). O aspecto peor valorado polo profesorado son os escasos medios económicos destinados a bolsas ou contratos (2,78) para os doutorandos/as. É preciso sinalar que a media para a universidade nese ítem é das máis baixas (2,93), do que se deduce unha preocupación xeneralizada por esa reducida atención orzamentaria que recibe o estudantado para desenvolver os seus estudos universitarios.

1.4.- Garántese unha adecuada coordinación no caso dos programas interuniversitarios e as colaboracións previstas na desenvóléronse adecuadamente.

Aspectos a valorar:

- O funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as universidades que imparten o programa.
- Repercusión no programa das colaboracións con outras institucións, organismos ou centros, se se acadou o obxectivo establecido nas ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Coordinación coas outras universidades que forman parte do programa:

A coordinación xeral do PD Interuniversitario en Estudos Lingüísticos recaeu, até o momento, na Universidade de Vigo, mais realízase unha colaboración estreita entre as dúas universidades, regulada por un convenio de colaboración e polos respectivos regulamentos de estudos de doutoramento, de aplicación en ambas as institucións:

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/368>
- https://www.udc.es/export/sites/udc/eid/galeria_down/normativa/Regulamento_Doutoramento_CG_26_01_17Anuncio_galego.pdf

A comisión académica está formada por un número equilibrado de integrantes das dúas institucións implicadas. As estruturas e procesos burocráticos propios de cada institución fan imposible que os procesos propios do programa se desenvolvan de xeito totalmente unificado e homoxéneo, e aconsellaron a pouco de iniciarse o programa que a maioría dos trámites ordinarios se resolven localmente.

Malia que a supervisión ordinaria se fai en cada universidade, hai reunións periódicas (cando menos semestrais) para supervisar o seguimento dos criterios comúns, intercambiar datos e validar decisións. A maiores, existe unha comunicación fluída entre a coordinadora da subcomisión da Universidade da Coruña e a coordinadora da de Vigo —e coordinadora xeral do programa. E toda a información relevante sobre actividades do programa difúndese a través da web (<http://doutoramento-eling.webs.uvigo.es/gl/>) e a través dunha lista de correo (eling@listas.uvigo.es) á que están subscritos todo o profesorado e estudiantado do programa de ambas as universidades.

As actividades de coordinación vense facilitadas porque ambas as universidades dispoñen desde hai tempo dun sistema de videoconferencia.

Malia as dificultades de ofrecer un programa formativo conxunto para os grupos de doutorandas/os das dúas universidades, as actividades que se realizan en calquera delas difúndense a través da lista de distribución eling@listas.uvigo.es a todo o profesorado e alumnado do programa e ofrécese sempre a posibilidade de seguilas por videoconferencia. Durante o último ano as universidades de Vigo e A Coruña fixeron un esforzo para mellorar esta forma de comunicación debido ás necesidades creadas pola pandemia de Covid19.

Colaboración con outras institucións (convenios de colaboración, actividades e resultados):

Existen colaboracións con outras institucións, nomeadamente para facilitar estadias de investigación de estudantes. Neste sentido, resulta moi proveitosa a establecida a través dun convenio entre a Universidade de Vigo e a Universidade Estadual do Estado do Paraná – UNIOESTE, que fixo posible unha estadia predoutoral (setembro de 2017 a febreiro de 2018) e outra posdoutoral (maio de 2019 a xaneiro de 2020) por parte dunha investigadora. Ademais da participación na supervisión da súa tese de doutoramento, estas estadias serviron para establecer relacións con investigadoras de universidades do

Brasil. Durante tres meses de 2019 estivo como profesor visitante en La Sapienza de Roma un profesor de noso programa. Tamén se realizaron diversas estadias predoutorais (algunhas das máis recentes, na Université de Montréal, na Universidade de Coimbra, e no The City College de New York, houberon de acortarse por mor da pandemia, aínda que o contacto seguiu de xeito telemático; ver máis datos no IPD09). Reforzouse a colaboración coa Université Grenoble Alpes tanto con estadias de profesores como de estudantes durante o pasado ano 2020 e hai unha estadia planificada para o curso 21-22. Ata o momento non se formalizaron convenios de regulación propios do PD. Ademais de todo isto, algunhas teses doutorais foron ou están sendo codirixidas por profesoras doutras universidades: Universidade Nova de Lisboa (tese matriculada en 2014), Universidade de Santiago de Compostela (matriculada en 2018), Universidade do Minho (en 2020). Ver IPD16.

Os grupos de investigación do programa manteñen colaboracións regulares con outras universidades de España, Portugal e outros países como parte do desenvolvemento das súas liñas e proxectos de investigación.

Ao abeiro dos múltiples convenios internacionais da UVigo e da UDC realízanse actividades de mobilidade de estudiantado e profesorado, colaboracións a través de coloquios, seminarios e conferencias, como tamén para proxectos de investigación. A información sobre mobilidade en vigor en cada universidade pódese atopar nas seguintes ligazóns:

- <https://www.udc.es/gl/ori/>
- <https://www.udc.es/es/eid/internacionalizacion/>
- <https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade>

Os datos de mobilidade do estudiantado e de estadias (IPD09 e IPD10) mostran unha escasa participación por parte do alumnado tanto nos programas de mobilidade como na realización de estadias no estranxeiro. A CAPD propónse estudar como se pode mellorar este epígrafe, posto que está relacionado con la consecución de mencións internacionais (IPD18.7). Ver apartado 4.4.

As dúas universidades que imparten o programa fan esforzos para facilitar a coordinación, como se desprende das informacións facilitadas a través da web propia do PD, como tamén das correspondentes webs da EIDO e EIDUC:

<http://doutoramento-eling.webs.uvigo.es/>

<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/doutoramento/programa-doutoramento-estudios-linguisticos-v05d005v06>

<https://estudios.udc.es/gl/StudyAtUdc/pdh>

O traballo da EIDO e a EIDUC está conseguindo que algunhas pequenas diverxencias no ámbito do doutoramento nas dúas universidades se vaian resolvendo. Estase a traballar nomeadamente na converxencia dos calendarios de admisión e matrícula:

- <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Calendario%202020%2021%20doctorados%2020200603%20def.pdf>
- https://www.udc.es/export/sites/udc/eid/galeria_down/06-Calendario-de-admision-e-matricula-nos-estudios-de-doutoramento-UDC-Curso-2020-2021-asinado-1.pdf

1.5.- A institución dá resposta ás posibles recomendacións realizadas no Informe de verificación e no seu caso nos posibles informes de modificacións, así como ás que puideran conter os sucesivos informes de seguimento.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O PD recibiu recomendacións a partir do informe de verificación, que se comentan máis abaixo. A pesar de que no curso 2017-2018 se someteu a un proceso de seguimento, non houbo un informe por parte da ACSUG.

Recomendacións do informe de verificación (síntese do estado de situación):

Criterio5: ORGANIZACIÓN DEL PROGRAMA

En la memoria de verificación se alude a las estancias y al fomento de las mismas de forma genérica, pero sin entrar en detalles. Se recomienda aportar al alumnado del programa, a través de la página web del título, una mayor información acerca de la previsión de las estancias de los doctorandos en otros centros de formación.

No momento de redactar a memoria de verificación, a comisión redactora tiña o propósito de fomentar a mobilidade do estudantado pero, en efecto, non tiña aínda os instrumentos adecuados para poñer en marcha tal obxectivo. Sendo conscientes de que o financiamento podería ser unha limitación nalgúns casos, aludiuse á posibilidade de aproveitar os contactos dos diferentes grupos de investigación que participan no programa para facilitar os plans de saída ao estranxeiro (apartados 1.4 e 4.1, na memoria de verificación), pero non se propuxo como unha obriga (si como recomendación) a experiencia noutros centros de investigación (apartado 5, de organización do programa, na memoria de verificación).

Unha vez que se puxo en marcha o programa, unha parte do alumnado optou, de acordo co seu plan de investigación e baixo a supervisión do titor/a e o director/a, por realizar unha estadía deste tipo. No caso das persoas matriculadas na Universidade de Vigo, puideron concorrer á convocatoria de axudas que fai cada ano a Vicerreitoría de Investigación (cuxos criterios de selección favorecerían este tipo de perfís predoutorais). Pero ademais a CAPD contou con outro instrumento para apoiar estas iniciativas, xa que unha parte do orzamento distribuído aos programas desde a EIDO-Uvigo podía dedicarse a convocar bolsas de mobilidade, e así se fixo ano tras ano coa axuda do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos (vid. apartado 5.1).

No caso da UDC, a inexistencia dunha financiación semellante está a reducir considerablemente a capacidade de xestión, non só no que toca ás estadias de formación (de acordo coas normas da UDC a escasa partida non pode empregarse con esta finalidade), senón á organización de programa en xeral, pois estamos a depender en boa parte do labor realizado desde a UVI e da boa disposición dos Grupos de Investigación da UDC que, non obstante, non poden moitas veces correr con gastos xerados por algúns do alumnado do PD. Con todo, existe un convenio de colaboración entre a UDC e Inditex para financiar estadias predoutorais no estranxeiro. Confiamos que as novas e novos estudantes poidan beneficiarse nun futuro inmediato dalgunhas das axudas Inditex. Por outra banda, hai que recordar que os contratos predoutorais de convocatorias públicas (FPI, FPU, Xunta de Galicia) adoitan levar aparellada a posibilidade de financiar estadias no estranxeiro, e de feito son aproveitadas polo estudantado do programa que goza destas axudas.

Recomendacións do informe de avaliación externa do seguimento, se procede (síntese do estado de situación):

Criterio 6: RECURSOS HUMANOS

Se observa una notable desproporción en el número de tesis defendidas en los diferentes equipos. Se recomienda mejorar la ratio entre profesores y tesis dirigidas, sobre todo en algunas de las líneas vinculadas al doctorado. El número de tesis presentadas es reducido en términos comparativos e irregular en su distribución entre los miembros del programa. Se recomienda

incentivar la dirección de tesis en aquellas áreas con un histórico de tesis dirigidas muy inferior a la media del resto del profesorado que participa en este programa de doctorado

Certamente a distribución das teses en curso con respecto ás liñas de investigación (IPD13) non é homoxénea, como tampouco o é o tamaño dos grupos de investigación. Consideramos natural que exista unha certa preferencia por algunhas temáticas, que se pode explicar polo seu carácter aplicado e práctico (cremos que é a explicación para o número importante de teses iniciadas sobre Aprendizaxe de linguas) ou pola súa natureza xeneralista (Sociolingüística ou Análise de Discurso).

Por outra banda, e como xa se comentou no apartado 1.2, desde o primeiro momento estableceuse un límite no número máximo de teses dirixidas por cada integrante do programa, que non pode ser superior a tres en caso de direccións unipersoais.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD1: Memoria vixente

EPD2: Informes de verificación e, se procede, de modificación, seguimento e renovación da acreditación, incluíndo os plans de mellora

EPD3: Informe/Acta onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso

EPD4: Evidencias da realización das actividades formativas e sistemas de control realizados, de acordo coa planificación establecida

EPD5: Informe de avaliación anual da Comisión Académica (seguimento)/Documento de actividades de cada estudante, onde se indiquen as actividades realizadas por cada doutorando (acreditación)

EPD6: Informe de complementos de formación específicos

EPD7: No caso de programas interuniversitarios, evidencias de coordinación entre universidades participantes

EPD8: Convenios de colaboración en vigor

EPD9: Informes sobre actividades realizadas con institucións coas que o programa de doutoramento tivo colaboracións (con ou sen convenio)

EPD10: No seu caso, evidencias de participación do programa en redes internacionais

Indicadores:

IPD1: Número de prazas ofertadas

IPD2: Demanda

IPD3: Número de estudantes matriculados/as de novo ingreso (indicar o número de estudantes que proceden de programas de doutoramento en extinción)

IPD4: Número total de estudantes matriculados (no caso dos programas interuniversitarios, desagregado por universidade participante)

IPD5: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster doutras universidades

IPD6: Porcentaxe de estudantes estranxeiros (de fóra de España) sobre o total de matriculados

IPD7: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiren complementos formativos

IPD8: Porcentaxe de estudantes matriculados segundo a dedicación (tempo completo, tempo parcial e mixto)

IPD9: Porcentaxe de estudantes que realizan estancias de investigación autorizadas como tales pola Comisión Académica (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD10: Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD11: Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta...)

IPD12: Porcentaxe de estudantes segundo perfil de ingreso

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características e os resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade.

2.1.- A institución publica información obxectiva, completa e actualizada sobre o programa de doutoramento, as súas características, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o programa é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do programa e as súas posteriores modificacións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Universidade de Vigo publica información sobre todos os programas de doutoramento de xeito centralizado na dirección eido.uvigo.es, así como do resto das súas titulacións. Neste senso, no portal da universidade actualízase diariamente a páxina de cada programa a partir dos datos do servidor académico, mostrando a información máis importante do programa, a memoria, as teses dirixidas, as liñas de investigación e os complementos formativos, entre outros datos. E no Portal de Transparencia da Universidade de Vigo (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/22>) publícase información sobre o resultado alcanzado polos programas.

A información relevante sobre os estudos de doutoramento está regularmente actualizada e ao dispor de todos os grupos de interese na páxina web da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC, <https://www.udc.es/eid/>). Ademais, a web da UDC dispón dun portal de estudos no que cada Programa Oficial de Doutoramento (PD) publica información actualizada sobre todos os aspectos relativos ao desenvolvemento do programa (<https://estudios.udc.es/gl/StudyAtUdc/pdh>), que é de fácil acceso para todos os grupos de interese e, en particular, está dirixida ao potencial alumnado interesado nun PD, ao alumnado matriculado no doutoramento e a outros axentes de interese do sistema universitario español e doutros internacionais. A información referida ao PD en Estudos lingüísticos atópase en <https://estudios.udc.es/gl/study/start/5019V01>.

Ademais, este Programa de Doutoramento ten una páxina web propia (<http://doutoramento-eling.webs.uvigo.es/>) na que se mostra toda a información relevante, tanto para o alumnado xa matriculado,

como para os posibles interesados en matricularse, e na que se publican as novidades e as actividades vencelladas ao programa.

2.2.- A institución garante un fácil acceso á información relevante de programa de doutoramento a todos os grupos de interese.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do programa a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os grupos de interese teñen acceso á información relevante, a través fundamentalmente da páxina web (eido.uvigo.es), na que se pode atopar acceso á matrícula, á información académica, ás bolsas, á calidade, ás teses depositadas e as aprobadas para a súa defensa, aos premios extraordinarios de doutoramento e aos formularios para presentar as teses, para homologacións, altas e baixas de profesores do programa, etc.

Pero tamén a través da web propia do programa e a través do correo electrónico e o teléfono, os responsables do programa e o persoal administrativo de apoio dan información pormenorizada tanto ao alumnado actual como aos posibles candidatos ao acceso ao programa.

A páxina web da EIDUDC (<https://www.udc.es/es/eid/>) proporciona información xeral a calquera grupo de interese sobre: contacto e organización da EIDUDC; programas de doutoramento da UDC; admisión, matrícula e xestión académica; normativa; teses doutorais; premios extraordinarios de doutoramento; formación e orientación; consulta de teses doutorais; axudas predoutorais; internacionalización; calidade; preguntas frecuentes e impresos. En xeral, gran parte desta información está completa e actualizada en tres idiomas (galego, castelán e inglés). A información aparece dividida de forma moi accesible en tres apartados "Ao inicio" (dedicado a estudantes de primeiro ano) "Durante" (de especial interese para os doutorandos de distintos programas) e "Ao remate" (centrada no caso dos inminentes doutores), que se completa cun apartado final con información recente de actualidade. A UDC dispón dun portal de estudos no que cada Programa Oficial de Doutoramento achega información específica do PD que permite coñecer todos os aspectos relativos ao seu desenvolvemento, está actualizada e é de fácil acceso para todos os grupos de interese.

Resultados de satisfacción en relación coa(s) web(s) e a información pública:

No caso concreto do estudantado, na UVI non existen resultados desagregados por programas para os cursos 2018-2019 e 2019-2020 (Ver apartado 6.4). Os datos que existen para o conxunto da universidade, ofrecen resultados que superan amplamente o 3,5 neste ítem. Para o curso 2017-18, con datos desagregados por programa, a valoración da información facilitada na web é positiva (3,5) por parte do estudantado de 1º ano do PD en Estudos lingüísticos (non hai datos para os de 3º). No 2016-17 é de 4 para 1º ano e de 3 no 3º, o que supón que a satisfacción é entre alta e moi alta. A web valórase con 4,25 por parte do estudantado de 1º ano de 2015-16, e con 4,8 polo de 3º ano.

Na UDC a valoración da información facilitada na web e a facilitada noutro tipo de accións é moi alta (4) no curso 2019-20 e moi boa, aínda que con matices, no curso anterior (4,5 e 3,5 para a web; 3 para a xornada de benvinda e outras accións informativas).

En conxunto, pode dicirse que o alumnado ten unha valoración moi positiva da información institucional proporcionada polas dúas universidades.

Canto ao profesorado, a percepción é boa na Universidade de Vigo (3,73 na primeira enquisa e 3,85 na segunda), no que toca á información e transparencia, e mellora visiblemente entre a primeira e a segunda enquisa no que se refire á información proporcionada pola CAPD (de 3,57 a 4,10). En conxunto, a información proporcionada pola web da EIDO e a web do PD semella clara (cunha puntuación de entre 3,5 e 4). Na Universidade da Coruña os resultados de satisfacción sobre a información proporcionada na web da EIDUDC e na do programa son moi bos na primeira enquisa (2017-18), cun 4,5 de media, pero hai respostas máis críticas en 2018-19 (media de 3, de dúas respostas).

2.3.- A institución fai público o SGC no que se enmarca o programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do SGC no que se enmarca o programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante sobre o sistema de garantía de calidade (SGC) do programa está organizada de xeito centralizado na web da EIDO, na ligazón <https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>.

Esta organización é o resultado dun proceso de redeseño da web institucional da Universidade de Vigo en 2019, que inclúe tamén un novo redeseño para a web da Eido.

Os contidos relacionados coa calidade na Eido, na dita web, están en fase de execución, de xeito que se combina información centralizada con información específica na web do programa. A estrutura centralizada contén información acerca de:

- A documentación do SGC: o manual de calidade, que inclúe a política e os obxectivos de calidade, e os procedementos aprobados.
- A información relacionada cos programas de calidade que compoñen o ciclo de mellora do programa (VSMA: verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación).
- A documentación relacionada cos órganos responsables do SGC (principalmente, as actas da comisión de calidade da EIDO e os seus acordos).
- Información sobre outros programas de calidade relacionados coa Eido
- Outra información relacionada cos resultados do programa.

Polo que respecta á UDC, o deseño do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da EIDUDC foi aprobado polo Comité de Dirección da EIDUDC o 25 de abril de 2018 e polo Consello de Goberno da UDC o 26 de abril de 2018, e obtivo o informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) o 15 de decembro de 2020. A documentación do SGC da EIDUDC está publicada na apartado CALIDADE da web da EIDUDC (<https://www.udc.es/gl/eid/calidade/>). Os documentos que conforman o SGC da EIDUDC son: – Política e obxectivos estratéxicos de calidade. – Manual do SGC da EIDUDC. – Manual de Procesos do SGC da EIDUDC. O Manual do SGC é o documento principal que desenvolve a política e os obxectivos estratéxicos de calidade da EIDUDC e que define o seu alcance e a estrutura organizativa e de responsabilidades en materia de calidade. O Manual de Procesos do SGC recolle os procesos que dan resposta aos estándares de calidade, as directrices do Programa FIDES-AUDIT e os criterios de seguimento e acreditación dos PD. A EIDUDC e, en particular, o seu equipo directivo como responsable de calidade da EIDUDC, do mesmo xeito que a Comisión Permanente da EIDUDC (que asume as funcións de Comisión de Calidade da EIDUDC) e os/ as coordinadores/as dos PDs, son os encargados da difusión entre todos os grupos

de interese dos documentos que conforman o SGC e de facer pública toda a información relevante dos PD impartidos na UDC, así como de revisala e actualizala periodicamente.

A Universidade de Vigo ten centralizada unha boa parte da información institucional no Portal de Transparencia, ao que se pode acceder directamente e en aberto desde a súa web principal, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>. Este portal garante un fácil acceso á información específica dos resultados dos indicadores dos programas de calidade da titulación, dispoñible no Portal de Transparencia / UVigo en cifras, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/grupo/5>. Tamén na UDC, a Escola Internacional de Doutoramento inclúe na súa páxina unha sección dedicada á política de calidade (<https://www.udc.es/gl/eid/calidade/>), na que dá conta do órgano responsable de implementar estas políticas (neste momento o Comité de Dirección que tamén actúa como Comisión de Calidade) e inclúe o documento "Política de calidade da Escola de Doutoramento Internacional da UDC" aprobado o 23 de xullo de 2020 (https://www.udc.es/export/sites/udc/eid/galeria_down/Politica-de-Calidade-da-EIDUDC-23-07-2020-gal.pdf_2063069239.pdf).

Consideramos importante salientar que todos os programas de doutoramento da UDC inclúen unha sección de acceso público na que se informan sobre os resultados do programa dende 2016, incluíndo os indicadores máis relevantes para o seguimento dos mesmos: <https://estudios.udc.es/gl/study/quality/5018V01>

En relación con isto, a acción do Criterio 2.3 – Desenvolver a estrutura de calidade da web da Eido, do plan de mellora adxunto, considérase pechada.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD11: Web da institución/programa

EPD12: Documentación derivada dos procesos do SGC sobre información pública, recollida de información e rendemento de contas (informes varios, plan operativo de información pública...)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: A institución dispón dun SGC formalmente establecido e implantado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua do programa de doutoramento.

3.1.- O SGC implantado facilita os procesos de deseño e aprobación do programa de doutoramento, o seu seguimento, as modificacións e a renovación da acreditación.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo dende o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do programa.
- O seguimento das melloras do programa confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos propostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Deseño e desenvolvemento do SGC:

O sistema de garantía de calidade do programa enmárcase dentro do SGC da Escola Internacional de Doutoramento (Eido). O deseño deste sistema é centralizado e institucional, e abrangue todos os programas de doutoramento oficiais da Universidade de Vigo.

O deseño do SGC comezou a finais do ano 2016, con reunións entre as outras dúas universidades do SUG (USC e UDC) co obxecto de trazar liñas xerais comúns sobre a identificación e a organización dos procesos de funcionamento do ciclo de doutoramento, considerando as directrices do programa Fides-Audit e seguindo as recomendacións da ACSUG. Na Universidade de Vigo constituíuse un grupo de traballo arredor da Eido (dirección da Eido, secretario académico da Eido, Área de Calidade, xefe do Servizo de Estudos de Posgrao) que mantén reunións periódicas desde comezos de 2017 para desenvolver a estrutura e a documentación do SGC.

Froito deste traballo, constituíuse a Comisión de Calidade da Eido o 27.04.2017 (véxase abaixo para máis detalles) e desenvólvese a documentación dos procesos ao longo de 2017 e 2018 (véxase ficha de mellora correspondente ao criterio 3).

Unha primeira versión do Manual de Calidade da Eido (índice 00), que incluía a Política e os Obxectivos de Calidade, foi aprobada no Comité de Dirección da Eido o 18.07.2017. Este Manual incorpora, de xeito destacable:

- A presentación e estrutura académica e administrativa da Eido, de acordo co seu Regulamento de réxime interno (RRI),
- A estrutura organizativa e de responsabilidades institucionais e específicas da Eido sobre calidade (estas últimas están coordinadas no comité de dirección, dirección, comisión de calidade, coordinación de calidade e comisións académicas dos programas de doutoramento –CAPD-),
- O alcance, obxectivos xerais, directrices e marco lexislativo e normativo do SGC,
- O mapa de procesos do SGC
- A política e os obxectivos de calidade

A fase de deseño do SGC rematou a finais de 2018. A Comisión de Calidade da Eido validou este deseño o día 14.12.2018 e o Comité de Dirección, máximo órgano de responsabilidade da Eido, aprobouno na súa sesión do 17.12.2018. Elaborouse unha segunda versión do Manual (índice 01), que mantén a estrutura mencionada e incorpora axustes relacionados cos procesos do SGC e coa actualización das competencias dos órganos de goberno (por mor da incorporación dun novo equipo de goberno da universidade no ano 2018). A documentación completa do SGC (Manual de Calidade, procedementos e anexos) enviouse a ACSUG o día 20.12.2018 para ser avaliada.

O 30.07.2019 ACSUG remitiu o Informe de certificación do deseño cun resultado FAVORABLE. Destácase que este resultado converte a Eido na primeira escola de doutoramento do SUG en acadar este recoñecemento. Ademais, o informe resalta que non se detectan aspectos que deban ser obxecto dun plan de mellora, só recomendacións de mellora. En todo caso, a Eido desenvolveu un plan de accións para axustar estas cuestións.

Finalmente, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo ratificou este modelo coa súa aprobación na súa sesión do 27.02.2020.

En relación con isto, a acción do Criterio 3 – Desenvolver os procedementos do SGC da Eido, do plan de mellora adxunto, considérase pechada.

Implantación do SGC:

O desenvolvemento deste procedementos está orientado a facilitar e garantir os procesos de deseño, implantación, mellora e renovación da acreditación dos programas de doutoramento asociados á Eido (o ciclo

VSMA) de xeito que o obxectivo é garantir a dispoñibilidade do SGC no momento da renovación da acreditación dos programas.

Aínda que o deseño do SGC se desenvolveu ata finais do 2018, moitas das actividades descritas nos procedementos do SGC xa están en funcionamento desde fai varios anos, conforme o RD 99/2011. O seguimento piloto do 2017 e o seguimento do 2018 demostran que se levan a cabo estas actividades, que están dispoñibles os rexistros e documentos asociados a elas e que se calculan e tratan os indicadores de resultados conforme a Guía de seguimento e acreditación da ACSUG.

Os resultados dos informes da ACSUG de avaliación da verificación dos programas e do seu seguimento permiten ir axustando e corrixindo o seu funcionamento, a través de plans de mellora, cara a súa renovación da acreditación e a satisfacción dos grupos de interese.

A implantación sistemática e efectiva deste SGC estaba programada para o curso 2019/20 e seguintes.

Porén, a pandemia provocada pola COVID-19 alterou as condicións de vida no conxunto da sociedade; 2020 volveuse un ano especialmente complexo e rodeado de incertezas que afectan, en particular, tamén á normalidade da vida universitaria e ao desenvolvemento de todas as súas actividades. A saúde e a seguridade priman agora neste novo escenario. Esta situación excepcional provocou unha reacción inmediata da Eido, que adaptou as súas actividades (depósito e defensa das teses en liña como modalidade preferente, atención presencial con cita previa, activación de salas virtuais para cursos e actividades formativas, extensión dos prazos para finalizar as teses, mobilidade en remoto...).

As metas definidas na política e obxectivos de calidade marcarán as liñas estratéxicas que dirixirán esta implantación, en coherencia co establecido nos procedementos.

En todo caso, a implantación programada incluírá retomar, en liñas xerais, actividades ligadas a:

- formación e sensibilización sobre calidade en doutoramento destinadas aos principais grupos de interese involucrados neste ciclo (directores e titores de teses, profesorado en xeral, persoal de administración e servizos de soporte), ademais do estudiantado, e
- reunións de información, análise e mellora sobre os procesos de funcionamento, destinadas principalmente ás CAPD e ás áreas administrativas, coa participación doutros órganos ou entidades implicadas.

Estrutura documental do SGC:

A estrutura do SGC de doutoramento dá resposta a dous niveis de esixencia: os procesos institucionais e os procesos específicos dos programas de doutoramento.

-Procesos institucionais: son aqueles cuxas responsabilidades, organización e actividades teñen, sobre todo, un carácter marcadamente institucional, isto é, a súa xestión depende sobre todo dos órganos de goberno institucionais ou centralizados (Consello de Goberno, vicerreitorías, servizos e unidades centralizados...).

O seu deseño lévase a cabo, (segundo as datas indicadas na ficha de mellora), a partir da experiencia e dos procesos certificados no modelo Fides-Audit para as facultades e escolas (titulacións de grao e mestrado) e coas adaptacións oportunas adaptadas ao ciclo de doutoramento.

-Procesos específicos dos PD: son aqueles cuxas responsabilidades, organización e actividades están máis asociados ao ciclo de doutoramento e á súa relación coa innovación e a investigación.

O mapa definitivo de procesos do SGC da Eido (véxase o Manual de calidade) identifica un total de 18 procesos:

Procesos institucionais (15 procesos):

Son os seguintes (coas denominacións definitivas):

- DE-01 Estratexia e DE-02 Revisión do SGC (procesos de Dirección estratéxica)
- MC-01 Xestión de queixas, suxestións e parabéns (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- XP-01 Deseño e aprobación dos programas; XP-02 Seguimento, mellora e acreditación dos programas e XP-03 Suspensión e extinción dos programas (procesos de Xestión dos programas)
- FI-02 Xestión da mobilidade (procesos de formación dos investigadores/as)
- AC-01 Admisión e AC-02 Atención ao estudantado e orientación profesional (procesos de Xestión Académica)
- XD-01 Control dos documentos e XD-02 Control dos rexistros (procesos de Xestión documental)
- IP-01 Información pública e rendemento de contas (proceso de Información pública)
- PE-01 Xestión do persoal de apoio e PE-02 Xestión do persoal académico (procesos de Xestión do persoal)
- IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos (proceso de Xestión da infraestrutura).

Procesos específicos (3 procesos):

- MC-02 Medición da satisfacción (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- FI-01 Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as e
- FI-03 Autorización e defensa da tese (procesos de Formación dos investigadores/as)

A documentación completa do SGC (Manual de Calidade coa Política e Obxectivos de Calidade, os procedementos e os anexos) pode atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

Comisión de Calidade da Eido:

A Comisión de Calidade da Eido constituíse o día 27.04.2017 coa estrutura prevista no Manual de Calidade. Tamén se nomeou o coordinador de calidade da Eido.

O 30 de outubro de 2019 creouse o cargo de subdirector da Eido, que asume tamén a coordinación de calidade.

A Comisión de Calidade é un órgano clave nos procesos de calidade da Eido, e leva a cabo a funcións previstas no Manual de Calidade.

As actas da Comisión de Calidade poden atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

Polo que respecta á UDC, o proceso D02- P01. *Deseño, seguimento, modificación, acreditación e extinción dos Programas Oficiais de Doutoramento* do SGC da EIDUDC ten por obxecto establecer o sistema para deseñar, aprobar, realizar o seguimento, modificar, renovar a acreditación e extinguir os PD co fin de manter actualizada a oferta dos títulos da EIDUDC. Por outra banda, o SGC da EIDUDC asegura o desenvolvemento dos procesos de seguimento, renovación da acreditación e as posibles modificacións dos PD, a través da análise dos resultados. Esta información emprégase para mellorar as titulacións e a política de calidade e os obxectivos da EIDUDC. As CAPD, a partir da información canalizada a través da persoa responsable de calidade da EIDUDC, analizan o grao de consecución das accións planificadas e dos obxectivos asociados a cada un dos indicadores definidos, para avaliar a eficacia do PD. Como consecuencia desta análise, propóñense accións de mellora do PD en función dos resultados obtidos. Esta análise e a proposta de accións recóllense no autoinforme de seguimento/renovación da acreditación do PD. A intensidade e a frecuencia coa que se elaborará o autoinforme de seguimento variará en función dos anos que leve implantado o PD. Os

autoinformes serán aprobados na CAPD e na Comisión Permanente da EIDUDC, que asume as funcións de Comisión de Calidade da EIDUDC. A Comisión Permanente da EIDUDC realiza unha análise global dos resultados da EIDUDC e do funcionamento do SGC, e elabórase o plan de melloras da EIDUDC no seu informe anual de calidade

Gustaríanos salientar que independentemente dos diferentes ritmos dos SGC das universidades, as dúas facultades relacionadas co PD teñen implementados os seus respectivos Sistemas Internos de Garantía de Calidade. Este é o caso da Facultade de Filoloxía da UDC (<http://www.udc.es/filo/calidade/>) e a Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo <http://fft.uvigo.es/gl/calidade>) Esta circunstancia reverte indubidablemente en todos os programas e títulos relacionados cos centros, como é o caso do noso Programa de Doutoramento, pois aínda que dependamos directamente das Escolas Internacionais de Doutoramento, son os centros quen vela por moitos aspectos de interese para o bo funcionamento e en beneficio dos axentes involucrados como é o PDI, os doutorandos ou unha boa parte do PAS relacionado co noso título. Este é o caso da xestión, mantemento e mellora de espazos, infraestruturas e recursos materiais. Igualmente, apóiannos á hora de facilitar recursos materiais e espazos para a oferta formativa do programa nas tres institucións, así como en moitas das xestións e trámites relacionados co programa.

3.2.- O SGC implantado garante a recollida de información e dos resultados relevantes para a toma de decisións e a xestión eficiente do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do programa, desenvólvense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan:

-Establecer os resultados previstos para os programas (procedementos de *Deseño e aprobación dos programas* e de *Seguimento, mellora e acreditación dos programas*) a partir de datos históricos e/ou de estimacións futuras.

Este aspecto xa se está levando a cabo cada vez que se elabora unha nova memoria de verificación dun programa ou unha memoria verificada.

- Medir os resultados alcanzados polo programa, tanto en cada curso académico como na súa evolución, no que atinxe ao rendemento académico, satisfacción, cualificación do persoal, mobilidade, inserción laboral... (procedementos do proceso de *Formación dos/as investigadores/as, Medición da satisfacción, Xestión do persoal, Xestión de Queixas, Suxestións e Parabéns.*); analizar esta información e tomar accións de mellora (procedementos de *Seguimento, modificación e acreditación dos programas* e de *Revisión do sistema pola dirección*).

A Comisión de Calidade da Eido analiza e aproba as actividades de satisfacción de xeito cíclico.

Estes indicadores xa inclúen datos sobre os resultados de satisfacción dos grupos de interese:

- Estudantes, tanto de 1º como de 3º ano, obtidos a partir das enquisas dos cursos 2015/16, 2016/17, 2017/18, 2018/19 e 2019/20
- Profesorado, de xeito bienal, a partir da enquisa de 2018 (cursos 2012/13 a 2017/2018) e 2020 (cursos 2018/19 e 2019/20)
- PAS: prevista para 2021
- Egresados: prevista para 2021

A ficha de mellora correspondente ao criterio 3 (e tamén co criterio 6), relacionada coa recollida de opinión dos grupos de interese da Eido detalla o desenvolvemento deste aspecto.

Como se comentou, no seguimento dos programas de 2017, e logo tamén no do 2018, así como na renovación da acreditación das convocatorias 2018/19 e 2019/20, xa se elaboraron os correspondentes informes coa información e os resultados (evidencias e indicadores) que permiten tomar as decisións e mellorar a xestión do programa de doutoramento. Esta análise e toma de accións de mellora realízase ao nivel institucional (dirección da Eido, Comisión de Calidade da Eido...) e ao nivel do programa (CAPD).

-Publicar e difundir estes resultados para que estean dispoñibles e sexan accesibles, tanto para responsables do SGC do programa como para a sociedade en xeral.

A información pública dos resultados dos programas de doutoramento xa se pode atopar no Portal de transparencia da Universidade de Vigo desde o curso piloto 2017, con acceso a partir do vínculo

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/>

No caso da UDC, o deseño e o desenvolvemento do SGC da EIDUDC garante os mecanismos e procesos que permiten:

- Medir os resultados alcanzados polos PD en cada curso académico.
- Analizar esta información e propoñer accións de mellora
- Publicar os resultados para que estean dispoñibles e sexan accesibles tanto para a comunidade universitaria como para a sociedade en xeral.

De acordo co proceso *D04- P01. Análise de resultados académicos*, analízanse os resultados académicos co fin de garantir que se utilizan para a mellora continua dos PD. Por outra banda, de acordo cos procesos *D04- P02. Xestión de preguntas, felicitacións, suxestións e queixas* e *D04- P03. Satisfacción*, obtense a recollida de opinión dos diferentes grupos de interese en relación cun ou varios dos procesos considerados no SGC. En concreto, no caso dos PD, realízanse enquisas ao alumnado e ao profesorado. A táboa de resultados de indicadores de seguimento, teses dirixidas, produción científica asociada ás teses doutorais publícase anualmente a través do portal de estudos de cada PD. A información obtida envíase á persoa responsable de calidade da EIDUDC e aos/ as coordinadores/ as dos PD para que a analicen, revisen e envíen ás CAPD.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense plans de mellora para optimizalo.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- A implicación de todos os grupos de interese no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Revisión do SGC

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento contan con mecanismos e procedementos que permitan analizar e revisar o SGC periodicamente (procedemento de *Revisión do SGC*). Esa revisión, dirixida pola dirección da Eido, contará cos grupos de interese determinados no Manual de Calidade (ex.: Comisión de Calidade) e no propio procedemento, e dará lugar aos plans de mellora que se consideren.

A primeira revisión pola dirección realizarase, en coherencia co desenvolvemento dos procedementos (véxase acción de mellora) despois de rematar o deseño destes e tras comezar a súa implantación.

Participación dos grupos de interese:

Como se comentou anteriormente, o proceso de deseño do SGC desenvolveuse de xeito participativo no que están implicados:

- As persoas do grupo de traballo, que, ademais do persoal da Eido, forman parte de diferentes servizos relacionados coa escola,
- Os membros da comisión de calidade da Eido, que representan os diversos colectivos relacionados co doutoramento,
- Os membros do comité de dirección, que é o órgano colexiado de representación e de decisión da Eido,
- Os responsables de calidade dos programas de doutoramento.

Este proceso está regulado, ademais do establecido no Manual de Calidade, no procedemento de *Control dos documentos*.

A medida que os procedementos se vaian deseñando e implantando, irán xerando os rexistros de calidade ou evidencias (véxase procedemento de *Control dos rexistros*) que manifestarán o resultados do funcionamento dos procesos e da aplicación da política e dos obxectivos de calidade aprobados.

No caso da UDC o deseño e o desenvolvemento do SGC da EIDUDC conta con procedementos que permiten analizar e revisar o SGC periodicamente. En concreto, a través do proceso *D01- P02 Xestión do SGC*, revísase e actualiza:

- A política de calidade da EIDUDC.
- Os obxectivos de calidade e o plan de melloras.
- O funcionamento do SGC.

A Comisión Permanente da EIDUDC, que asume as funcións de Comisión de Calidade da EIDUDC, é a responsable de analizar o funcionamento global do SGC da EIDUDC e os resultados dos diferentes programas formativos en base ás propostas e reflexións das diferentes CAPD. Esta análise queda recollida na Memoria anual da EIDUDC, na apartado CALIDADE, que debe conter polo menos unha análise da seguinte información:

- A vixencia da política de calidade da EIDUDC.
- O funcionamento dos diferentes procesos do SGC.
- A evolución do grao de cumprimento do Plan de melloras da anualidade anterior.
- A proposta do Plan de Melloras.

As actualizacións realizadas de cada un dos documentos que conforman os documentos do SGC da EIDUDC son publicadas na web do centro.

A análise do criterio baséase en:**Evidencias:**

EPD13: Informes de avaliación do deseño do SGC

EPD14: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)

EPD15: Actas das reunións celebradas, nos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)

EPD16: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos de información pública)

EPD17: Plans de seguimento e accións de mellora derivados da implantación do SGC

EPD18: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados e evolución...)

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: O persoal docente e investigador (PDI) e de apoio é suficiente e idóneo, de acordo coas características do programa, o ámbito científico e o número de estudantes.

4.1.- O PDI reúne os requisitos esixidos para a súa participación no programa e acredita a súa experiencia investigadora.

Aspectos a valorar:

- O PDI que participa no programa conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. Débese actualizar a información proporcionada no momento da verificación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O equipo de traballo configurado no momento de presentar a memoria de verificación (curso 2012-2013) variou moderadamente ao longo destes anos. A seguir especificanse os cambios producidos. Hai catro baixas por xubilación, falecemento e por motivos médicos, e producíronse trece incorporacións. Na globalidade os cambios contribuíron a ampliar a oferta do programa. No detalle, non afectan as liñas de investigación. Consideramos que continúa a manterse, e mesmo está reforzado, o nivel de cualificación do profesorado implicado. Trátase dun cadro de persoal consolidado cuxa experiencia se amplía, e as novas incorporacións contribúen coa súa traxectoria particular. En total, contando as altas e tamén o profesorado que xa se xubilou pero participou no programa durante os cursos 2018-2019 e 2019-2020, o programa conta cun cadro de 40 doutores (22 na UVigo e 17 na UDC, máis 1 na Universidade de Santiago de Compostela) (ver EPD19 ou táboa 1).

O profesorado do programa ten como mínimo un tramo de investigación recoñecido ("sexenio") coa excepción de tres persoas incorporadas en novembro de 2019 co obxectivo de contribuír a dinamizar o programa na UDC, na que se constata que é máis difícil a organización e seguimento das actividades. O número de tramos de investigación que suma o total do profesorado activo (40 persoas) é de 99 (EPD19 ou táboa 1, IPD15), o que supón unha media de 2,47 por profesor/a. O número de sexenios "vivos", isto é recoñecidos no ano 2014 ou posterior, é de 28, o que quere dicir que o 70% do profesorado activo do programa conta con sexenio vivo.

A capacidade para liderar e dirixir investigacións por parte do profesorado do programa demóstrase na existencia de 10 grupos de investigación (recoñecidos nas respectivas universidades), dos cales 7 están liderados por PDI do programa, que ademais conta con membros que participan de maneira máis que relevante noutros grupos. Dous dos grupos recibiron axudas da Xunta de Galicia para os Grupos con Potencial de Crecemento e outros tres para Grupos de Referencia Competitiva. Os grupos participan tamén en Redes de Excelencia. O número de proxectos de investigación liderados por persoal do PD que obtiveron financiación estatal (MINECO) en convocatorias competitivas e estiveron ou están activos no período 2013-2020 é de 19 (ver táboa 3 ou EDP21), o que dá mostra da actividade investigadora competitiva do profesorado.

A participación do profesorado en programas de mobilidade formalízase en grande medida a través das convocatorias Erasmus+, que non esgota na práctica a realización de estadias no estranxeiro, posto que o PDI tende a seleccionar destinos en función dos seus intereses de investigación e acudir ás convocatorias de mobilidade relacionadas co labor investigador. En canto á mobilidade efectivamente realizada, non hai

documentación exhaustiva e fiable acerca das estadías do profesorado do programa. Con todo, temos constancia de profesores da UDC que realizaron estancias de longa duración no estranxeiro como profesores visitantes na Université Grenoble Alpes así como La Sapienza de Roma durante o curso 19-20.

A capacitación e formación do PDI do programa tamén se beneficia dos cursos de formación que ofertan as institucións participantes no título:

<https://www.udc.es/es/cufie/?language=gl&clasica=true>

<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/pdi/mellora-tua-formacion-docente-investigadora/programa-formacion-permanente-pdi>

4.2.- O PDI é suficiente e ten a dedicación necesaria para desenvolver as súas funcións de forma idónea, considerando o número de estudantes en cada liña de investigación e a natureza e características do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- O PDI é suficiente para desenvolver as funcións e atender todos os estudantes.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O equipo de investigadoras e investigadores que conforman o programa é amplo, traballa a tempo completo nas universidades implicadas e atende o alumnado do programa de doutoramento de forma axeitada. Como xa se mencionou no apartado 1.2, o programa de doutoramento ten mecanismos niveladores para evitar a concentración excesiva de estudantes nunha liña concreta e a desactivación doutras. Dese xeito conseguimos que o estudantado estea convenientemente atendido.

As primeiras teses do PD foron defendidas no curso 2016-2017. Desde entón e ata o curso 2019-2020 había 53 estudantes matriculados no programa de doutoramento, dos cales 36 na Universidade de Vigo e 17 na Universidade da Coruña (vid. liñas de investigación supra en 1.2). Nese mesmo curso había activos na UVI 20 profesores e profesoras e 15 na UDC. Adicionalmente, outras tres persoas poden realizar tarefas de titorización, pero non de dirección. Da UVI, 17 membros do PDI exercían labores de dirección no mesmo curso 2019-2020, e unha profesora atendía como titora pero non como directora, para un número total de 36 estudantes. No caso da UDC, para 21 alumnos coa tese en activo nese curso contabamos con 11 profesores e profesoras en tarefas de dirección. En suma, unha parte importante do profesorado vinculado ao programa na Universidade de Vigo e na Universidade da Coruña exerce algún labor de dirección ou titorización, e ningún deles titoriza máis de tres estudantes nin dirixe en solitario máis de tres teses. Por tanto, entendemos que o profesorado do programa garante a máxima eficacia e que o labor de orientación do estudantado está repartido de xeito equilibrado, respectando en todo momento as preferencias de docentes e estudantes.

Mecanismos de reparto entre docentes e liñas de investigación para realizar as direccións de teses:

No momento de presentar a candidatura para entrar no PD de Estudos lingüísticos, o alumnado potencial presenta un escrito no que indica cal ou cales son as súas liñas de investigación preferentes. Aínda que esta preferencia non é vinculante, tende a respectarse, sempre que non rompa o criterio de que ningún membro do PDI dirixe nin titoriza máis de tres estudantes de maneira única (nos casos de codirección permítese un número proporcional).

Resultados de satisfacción en relación coa dirección e titorización das teses:

Xa no apartado 1.3, sobre supervisión de alumnado, destacou o feito de que o labor desenvolvido polos titores e titoras, e por directores e directoras, goza do maior grao de satisfacción, de tal xeito que se repiten valores de 5 ou próximos a 5 en todos os cursos e grupos que responderon en ambas as dúas universidades.

4.3.- O programa de doutoramento conta con mecanismos de recoñecemento da labor de titorización e dirección de teses.**Aspectos a valorar:**

- Os mecanismos de recoñecemento do labor de titorización e dirección de teses que a institución ten posto en marcha a través da correspondente normativa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A normativa que regula a dedicación do PDI na Universidade de Vigo recoñece 10 horas no Plan de Organización Docente (P.O.D.) por cada tese dirixida durante os tres anos anteriores (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/446>).

Ademais, tamén na Universidade de Vigo, se recoñecen actividades vinculadas á xestión de programas de doutoramento. Estes reciben unha bolsa de puntos que deben compensar, por unha banda, o labor de coordinación e, por outra, poden distribuírse entre o PDI implicado en diversas tarefas, segundo os criterios aprobados na Comisión Académica do Programa de Doutoramento. O valor do punto varía cada curso académico.

Na Universidade da Coruña tamén hai unha bolsa de horas de exención docente para os PD, aprobada pola EIDUDC, que permite apoiar os traballos dos membros da UDC que traballan na comisión académica. Seguindo o acordo do Comité de Dirección da EIDUDC do 15 de maio de 2020, o reparto de horas de exención docente por coordinación de Programas Oficiais de Doutoramento (PD):

- farase de modo proporcional á carga de traballo.
- cada CAPD distribuirá, como considere oportuno, as horas asignadas ao seu PD entre os seus membros, tendo en conta que esta compensación é incompatible coa de cargo de xestión.

A UDC recoñece o labor de dirección de tese como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado (Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC). Este recoñecemento concrétase cada curso académico na *Normativa* pola que se regula a dedicación do persoal docente e investigador, cunha redución máxima de 30 horas docentes por curso académico de acordo co seguinte criterio: cada tese doutoral dirixida e defendida na UDC durante os dous últimos anos computa como 15 horas de docencia ao/á directora/a; no caso de codirección, estas horas distribúense de forma equitativa entre os/ as directores/ as, tendo esta mesma consideración o labor de dirección de tese en réxime de cotutela.

4.4.- O grao de internacionalización do programa: a participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e tribunais de teses é axeitada segundo o ámbito científico do programa.**Aspectos a valorar:**

- O grao de internacionalización do programa analizarase a partir de datos como o grao de participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e nos tribunais de teses. Valorarase o número de colaboracións e a estabilidade no tempo das ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Desde o inicio do PD ata o curso 2019-2020 defendéronse 12 teses (IPD18.1), das cales 7 contaron con algunha persoa experta de universidades estranxeiras (ver IPD17), e 3 recibiron a mención internacional (IPD18.7). Os datos son aínda escasos como para definir unha tendencia, pero esperamos que nas teses que están agora finalizando indiquen un aumento. Non obstante, consideramos pertinente introducir unha acción de mellora específica para incrementar o número de mencións internacionais.

Tamén contamos regularmente con expertos internacionais no seguimento de doutorandos e na impartición de seminarios específicos para eles: por exemplo, Michael Byram (UK), Augusto Silva (Portugal), Gary Morgan (UK), Igor Mel'čuk (Canadá), Mário Perini (Brasil), Ana Mineiro (Portugal), Carlos Gouveia (Portugal), Irene de la Cruz (Francia), Fausto Caels (Portugal), Marta Alexandre (Portugal), Daniela Lauria (Argentina), Rita Juknevičienė (Lituania), Jasmina Milicévic (Canadá).

Na Universidade de Vigo, no marco do PD, recibimos a unha investigadora da Universidade UNIOESTE do Brasil (ver apartado 1.4), que fixo unha estadía predoutoral (setembro de 2017 a febreiro de 2018) e outra posdoutoral (maio de 2019 a xaneiro de 2020). Integrouse en labores de investigación nun dos grupos asociados ao programa e, durante a estadía predoutoral, foi supervisada por unha profesora do PD. Na UDC unha estudante serbia no máster europeo en Lexicografía (emLEx) realizou unha estadía (28/02/2019-28/03/2019) para traballar en Historiografía da lexicografía das linguas románicas.

A maiores, os doutorandos/as intégranse en grupos e/ou proxectos de investigación e beneficianse das redes internacionais destes grupos en canto a mobilidade e asesoramento relacionado coas súas investigacións. Como xa dixemos, no curso anterior fixeron diferentes estancias de investigación en Montréal, Coimbra e New York.

4.5.- O persoal de apoio que participa no desenvolvemento do programa é suficiente e adecuado en función das características deste e do número de estudantes matriculados.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender o persoal docente e os estudantes do programa.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O sistema de regulación legal do doutoramento ao que se acollen este e outros programas supuxo un incremento enorme da carga burocrática, sen que nos primeiros momentos isto fose acompañado dun incremento equivalente do persoal de apoio. Este incremento da carga burocrática e esta insuficiencia do persoal de apoio agravouse polo feito de que moitos dos procesos implicados eran novos co que nin moitas das persoas implicadas tiñamos experiencia sobre como resolvelos nin os sistemas de xestión universitaria estaban preparados. En consecuencia, na incorporación e difusión da información, na posta ao día dos datos, na expedición de informes, mesmo na xestión dos expedientes e en moitos outros procesos a carga que tiveron que asumir os membros da CAPD e, nomeadamente, a persoa que daquela exercía como coordinador do programa ía máis aló das actividades académicas e invadiu, de cheo, o terreo da xestión administrativa.

Na Universidade de Vigo o curso 2016-2017 supuxo un punto de inflexión, de tal xeito que a situación mudou considerablemente. O motivo principal foi unha redistribución da relación de postos de traballo (RPT) no 2016, que se aplicou ao longo do 2017. Con esta redistribución, e coa experiencia previa acumulada, empezan a encontrarse maneiras máis eficientes de xestionar os problemas e os procesos administrativos relacionados con matrícula en actividades formativas, avaliacións anuais, prórrogas, e outros non só reciben

apoio do persoal senón que ademais pasan a ser xestionados a través da plataforma de secretaría virtual da universidade. Con todo, a CAPD segue a ter un importante peso na selección e seguimento do alumnado. En concreto, son tres os niveis actuais de soporte á xestión dos PD:

- Área académica: existe unha sección composta por catro persoas que atende os trámites de máster e doutoramento, e que se localiza na Facultade de Filoloxía e Tradución
- UnServizo de Xestión de Servizos de Posgrao, que conta cun xefe de servizo e outras catro persoas con funcións vinculadas a trámites de doutoramento.
- A EIDO, cun equipo académico de tres membros (director, subdirector e secretario), un Comité de Dirección do que forman parte as coordinacións dos PD e unha Comisión Permanente.
- Un Área de Calidade que conta cun director, catro técnicos/as e dous postos administrativos.

A UDC realizou unha redistribución da RPT en 2015, polo que esta universidade se dotou antes dun organigrama claro no que se refire aos estudos de doutoramento, cunha organización que se pode considerar suficiente. Na actualidade en cada unha das facultades da UDC existe unha UADI (Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación) que ten, entre as súas funcións, colaborar no desenvolvemento dos diferentes programas de doutoramento radicados en cada centro; con todo, cómpre precisar que estas unidades administrativas, creadas con posterioridade ao arranque do noso Programa de Doutoramento, se constituíron ao tempo que se suprimían os Secretarios Administrativos dos Departamentos: isto fixo, por exemplo, que os tres PAS que ocupaban eses postos na Facultade de Filoloxía fican reducidos a unicamente dous co actual organigrama e se prevé unha diminución a un solo posto. Máis en detalle, os servizos de apoio aos estudos de doutoramento da UDC son os seguintes:

- Para cada PD: Unidades de Apoio a Departamentos e Investigación (UADI). Prestan apoio ao desenvolvemento ordinario dos PD e aos trámites relacionados coas teses doutorais.
- A nivel xeral: Oficina de Doutoramento da EIDUDC (<https://www.udc.es/gl/eid/contacto/>). É o servizo administrativo da EIDUDC. Entre outras funcións, encárgase de xestións administrativas do alumnado (admisión, matrícula, baixas e prórrogas, expedición de títulos...). Servizos centralizados de apoio á xestión dos títulos:
- Servizo de Organización Académica. Asesora sobre oferta, verificación e modificación de PD. (https://www.udc.es/es/centros_departamentos_servizos/servizos_xerais/servizo_organizacion_academica/).
- Unidade Técnica de Calidade (<https://www.udc.es/es/utc/>). Encárgase de xestionar proxectos de calidade, avaliación, certificación e acreditación; de informar e asesorar á comunidade universitaria sobre as actividades e os programas que son competencia da UTC; de coordinar o sistema de suxerencias da UDC a través do que os usuarios envían preguntas, suxestións, queixas e felicitacións; e, en particular, de dar apoio ao seguimento e á acreditación dos PD.

Se a CAPD, o persoal de apoio da UADI e/ou da Oficina de Doutoramento detecta unha necesidade de formación específica que non queda cuberta coa devandita oferta, comunícallo ao ED para que lla remita á Xerencia da UDC e a incorpore no Plan de formación do curso académico seguinte, de ser o caso. Por outra banda, a Oficina de Relacións Internacionais (ORI), co fin de contribuír á mellora da formación e das habilidades do persoal de apoio da UDC, oferta programas de mobilidade internacional (<https://www.udc.es/es/ori/infpas/>). A eficacia das accións formativas desenvolvidas é avaliada no marco do proceso D03- P05. *Xestión dos recursos humanos*.

Resultados de satisfacción en relación co persoal de apoio (administración e servizos):

No caso concreto do estudantado, na UVI non existen resultados desagregados por programas para os cursos 2018-2019 e 2019-2020 (Ver apartado 6.4). As enquisas son diferentes para o estudantado de 1º e de 3º

ano, de tal xeito que as preguntas se adaptan ás condicións de estudo de cada grupo. No 1º ano se lles pregunta polo PAS da facultade e pola sección de posgrao, en tanto que no 3º ano engádese unha terceira pregunta para o funcionamento da EIDO.

Polo que respecta aos resultados xerais da universidade nos cursos 2018-2019 e 2020), apréciase un nivel de satisfacción moi alto para os servizos de apoio, con cualificacións de máis de 4 para o PAS que traballa máis en proximidade (en espazos da facultade) e de máis de 3,5 para os servizos centrais (Sección de Posgrao e EIDO). Na observación das respostas específicas do PD, para o estudiantado de 1º percíbese un alto grao de satisfacción, que se move entre o 4 e o 5. Canto aos resultados obtidos por parte do grupo de 3º son algo máis variables, de tal xeito que o servizo mellor valorado é o que atende na facultade e o peor valorado a sección de posgrao. Non obstante, todos obteñen unha cualificación por riba do aprobado.

En canto á UDC, inclúe nos seus cuestionario unha pregunta sobre o funcionamento da sección administrativa da EIDUDC e as respostas mostran unha satisfacción máxima (entre 4,5 e 5).

Como resumo, a satisfacción do alumnado cos servizos administrativos é en xeral moi boa, aínda que con matices.

A percepción do profesorado con respecto aos recursos humanos mellora na UVI entre a primeira e a segunda enquisa: de 3,58 a 4,13. En canto á UDC, a enquisa inclúe unha pregunta sobre a atención por parte dos servizos administrativos da EIDUDC, que se considera boa (puntuación superior a 4 en 2017-18 e de 3,5 en 2018-19).

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD19: Táboa 1: PDI do programa de doctorado.

EPD20: Táboa 2: Grupos de investigación

EPD21: Táboa 3: Proxectos de investigación competitivos activos de cada grupo

Indicadores:

IPD14: Número de teses defendidas en réxime de codirección

IPD15: Porcentaxe de PDI con sexenios vivos ou outros indicadores da calidade da investigación equivalentes

IPD16: Porcentaxe de profesorado estranxeiro que dirixe tese sobre o profesorado total do programa

IPD17: Número de expertos internacionais que participan en comisións de seguimento e/ou nos tribunais de teses

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Os recursos materiais e os servizos postos a disposición para o desenvolvemento das actividades previstas son os axeitados, en función das características do programa de doutoramento, o ámbito científico e o número de doutorandos.

5.1.- Os recursos materiais dispoñibles son suficientes e axeitados en relación co número de doutorandos de cada liña de investigación e coa natureza e características do programa.

Aspectos a valorar:

- Os recursos materiais e outros medios dispoñibles (laboratorios, talleres, bibliotecas, acceso a fontes documentais, recursos informáticos, etc.) son adecuados en función do número de estudantes do programa.
- Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais, infraestruturas e servizos destinados ao proceso formativo nas dúas universidades integrantes do PD son suficientes para o número de alumnado e son axeitados para a natureza e modalidade do título. Permiten adquirir as competencias e coinciden coas previsións expostas na memoria.

Durante o proceso de matrícula nos estudos de doutoramento, cada doutorando/a le e valida o compromiso documental que, no seu capítulo VIII, garante que disporá dos medios físicos e instrumentais e dos servizos necesarios para a realización do traballo da súa tese doutoral.

Os recursos materiais e servizos manteñen como base os recollidos na Memoria do título, tal como se expón no seu apartado 7, e foron ampliados e mellorados aínda máis nestes anos.

Así, tanto a Universidade da Coruña como a Universidade de Vigo teñen dispoñibilidade de bibliotecas (con sede física e en formato electrónico), salas de estudo e reunión, aulas, seminarios dotados de recursos electrónicos, aulas de informática e recursos tecnolóxicos, aulas para distintas modalidades de videoconferencia etc.

-Biblioteca: Os servizos de bibliotecas de ambas as universidades levan a cabo un labor continuo e rigoroso de adquisición de novidades de interese en formato libro, por unha banda, e de actualización dos recursos bibliográficos e de documentación de carácter electrónico, por outra.

As bibliotecas (centrais e específicas dos centros, neste caso a Facultade de Filoloxía e a Facultade de Filoloxía e Tradución) de ambas as institucións realizan un esforzo de recursos e de selección considerable, neste sentido (<https://www.uvigo.gal/universidade/biblioteca> na UVI e <https://www.udc.es/biblioteca> na UDC). Esta actualización realízase a través das adquisicións solicitadas por grupos e proxectos, orientadas ás liñas de investigación e ás perspectivas metodolóxicas que se promoven. Deste enriquecemento participa de maneira activa o PDI do PD en Estudos Lingüísticos –individualmente, a través de proxectos ou do departamento correspondente–, solicitando aquela bibliografía e recursos precisos para o desenvolvemento das liñas de investigación e dos distintos proxectos de tese. Tamén o alumnado, e especialmente o alumnado bolseiro, contribúe á constitución dun acervo bibliográfico e documental en constante progreso.

Ademais, ambas as universidades contan con repositorios de traballos científicos (publicacións e traballos académicos) que facilitan o acceso a documentación, ao tempo que visibilizan as contribucións de PDI e alumnado (Investigo: <http://www.investigo.biblioteca.uvigo.es/xmlui?locale-attribute=gl>, na Universidade de Vigo; e RUC: <http://ruc.udc.es/dspace/>, na Universidade da Coruña).

As bibliotecas das universidades galegas están así mesmo integradas nunha rede de colaboración:

Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (<http://www.bugalicia.org/>) que proporciona acceso a un amplo catálogo de recursos electrónicos. Estes inclúen recursos de texto completo, recursos referenciais (bases de datos), BX-Hot articles, o xestor de enlaces SFX Pórtico ou xestores de referencias bibliográficas, entre outras funcionalidades. Os fondos bibliográficos e recursos documentais considéranse suficientes e están en constante actualización.

-Habilitación de espazos para persoal bolseiro: actualízanse e renóvanse os despachos destinados a este fin, integrados nos distintos departamentos das dúas universidades. Estes despachos son dotados de equipos informáticos e electrónicos suficientes e actualizados, de maneira que o alumnado bolseiro pode desenvolver

a súa investigación, documentación, preparación e elaboración de traballos científicos (comunicacións, artigos etc.).

-Para propiciar un acceso aos recursos electrónicos proporcionados ou contratados (revistas electrónicas con subscripción) por ambas as universidades mantéñense e mellóranse as conexións wifi en todos os centros e espazos.

-Aulas, seminarios, salóns de actos e graos. Como se sinalou, seguen a pleno rendemento as instalacións e dotacións sinaladas no punto 7 da Memoria. Todas as aulas dispoñen de ordenadores e conexión internet, tomas eléctricas etc. No caso da FFT (UVI) o salón de actos está dotado con tecnoloxía que permite tradución simultánea directa e inversa, de grande utilidade en congresos e coloquios internacionais.

Máis alá disto, realizáronse novas incorporacións que permiten ofrecer un servizo aínda mellor, como a instalación de tecnoloxía de autogravación de aulas na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo (fft.webs.uvigo.es/) ou o desenvolvemento de MOOCs por parte do PDI, como mostra da aplicación de novas tecnoloxías (TIC) á formación e orientación. Máis recentemente, e por causa da pandemia do Covid-19, reforzáronse as plataformas de teledocencia para poder atender unha maior carga de traballo e máis recursos para a organización da docencia. Tamén se puxo en marcha un sistema de aulas e despachos virtuais para as clases e a atención personalizada en liña.

Polo que respecta á UDC, as aulas e o equipamento nelas instalado son suficientes e adecuados polo que as accións emprendidas durante o curso 2018-2019 encamiñáronse principalmente á súa mellora, mantemento e actualización, especialmente no que se refire ás aulas de videoconferencia: renovouse e mellorou o sistema de proxección da aula de videoconferencia 2.6 con dous proxectores NEC V302X de 3000 lúmenes e incorporouse un conxunto de dispositivos ao sistema de videoconferencia da aula 1.11 para facilitar a súa utilización e adaptalo para o uso con equipos con entrada e saída HDMI.

-Mantense e mellórase a aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para toda a comunidade. Como se sinalaba na memoria, os centros contan coas condicións necesarias de accesibilidade (ascensores, ramplas, cuartos de baño adaptados) para permitir unha normal participación de persoas con todo tipo de necesidades especiais, de acordo coa normativa vixente.

En definitiva, a dotación de instalacións, infraestruturas tecnolóxicas e servizos dos respectivos centros e institucións son adecuadas e abondas para o desenvolvemento das actividades formativas e os obxectivos do PD.

A estes recursos cabe engadir as incorporadas ao Laboratorio de Linguaxe e Cognición da Facultade de Filoloxía e Tradución que acadou, na convocatoria do 2018, de Equipamento Científico-Técnico do Plan Nacional unha axuda de 291.000€. Un dos membros do profesorado do PD coordina este laboratorio.

En canto ás bolsas de viaxe para asistir a congresos e estadías no estranxeiro ou outras universidades, os doutorandos/as de ambas as universidades poden acudir tanto a convocatorias externas como específicas das respectivas vicerreitorías de investigación, onde moitos deles atoparon financiación:

https://www.udc.es/serin/proxectos_axudas_inves/oportunidades_financia/convocatoriasabertas/

<https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas/bolsas-mobilidade>

A maiores, na Universidade de Vigo existe un orzamento que a EIDO distribúe entre os programas para atender gastos de funcionamento. Unha parte dedicouse a visitas de investigadores externos que impartisen

seminarios. Outra parte importante deste orzamento, arredor de 2500€ cada ano, reservábase para bolsas de mobilidade dos doutorandos, dentro da convocatoria específica de bolsas de mobilidade para o alumnado de doutoramento da Universidade de Vigo. Desde o ano pasado, a reserva de fondos para a convocatoria de mobilidade faise de xeito centralizado por parte da EIDO. Isto permitiu financiar no programa Estudos Lingüísticos cada ano polo menos unha estadía no estranxeiro cunha duración mínima dun mes, e os gastos de asistencia a congresos nacionais e internacionais (unha media anual superior a seis congresos financiados).

Pola contra, xa temos comentado que na UDC os programas de doutoramento non dispoñen dunha aportación económica comparable á que brinda a UVI; de feito só desde o curso pasado (2019-20) o Programa dispuxo dunha máis que modesta cantidade: este curso conta con 401 euros; á vista desta cifra enténdese que sexan os grupos de investigación vinculados ao programa os que teñen asumido algúns dos gastos realizados con destino aos nosos estudantes

Resultados de satisfacción en relación coas infraestruturas e recursos materiais:

No que toca ás respostas recollidas na UVI, salvo un dato negativo no curso 2015-16 (e só para o estudiantado de 1º ano), o resto das valoracións son positivas (3) ou, as máis das veces, moi positivas (entre 4,5 e 5) no que toca tanto aos medios materiais como aos espazos de traballo dispoñibles. Os resultados globais dos cursos 2018-2019 e 2019-2020 son semellantes.

Canto ás enquisas feitas na UDC, reúnen nun mesmo ítems ambos os dous aspectos (medios materiais e espazos de traballo) e a satisfacción do alumnado é máxima, cunha media de 4,75.

Polo que respecta ao profesorado, detéctase na UVI un resultado satisfactorio na primeira enquisa 3,58, que sube a 4,01 na segunda. Na UDC son moi satisfactorios, entre 4,5 de media a 5 puntos.

Dedúcese por tanto que os medios materiais e os espazos de traballo dispoñibles son en termos xerais adecuados ás necesidades do estudiantado e do profesorado.

5.2.- Os servizos de orientación académica responden ás necesidades do proceso de formación dos estudantes como investigadores.

Aspectos a valorar:

- Os servizos de orientación académica e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos a súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Servizos de atención e orientación de carácter institucional:

A Universidade de Vigo, con carácter xeral, a través da EIDO (eido.uvigo.gal), do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao (<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/servizo-xestion-estudios-posgrao>) e a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria (<https://www.uvigo.gal/es/perfil-estudiantes>), da Oficina de Relaciones internacionais ORI (<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/organizacion->

administrativa/oficina-relaciones-internacionales) e a Unidade de Emprego e Emprendemento (<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-emprego-emprendemento>) conta con diversos sistemas de apoio e orientación dos estudantes unha vez matriculados, como:

- Wifi, correo e teledocencia
- Aloxamento e transporte
- Tarxeta universitaria
- Biblioteca
- Becas e axudas
- Mobilidade (Oficina de Relacións Internacionais, ORI)
- Centro de Linguas
- Área de Normalización Lingüística
- Emprego e emprendemento
- Unidade de Igualdade
- Cultura
- Benestar, Saúde e Deporte
- Delegacións e asociacións de estudantes
- Voluntariado
- Atención á diversidade
- Gabinete Psico-Pedagóxico
- Información xeral

A UVigo realiza xornadas de benvida incluíndo unha completa axenda con información variada (ver https://tv.uvigo.es/video/5d795e7e1e19c060253b4399?track_id=5d7b83d11e19c06794694cb2).

A Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo fixo no curso 2018/19 a primeira xornada presencial de acollida de estudantes de doutoramento, dispoñible na dirección <https://tv.uvigo.es/series/5ca1f0e68f4208961ec06285>. Por cuestións ligadas á pandemia Covid-19, non foi posible repetir esta xornada no 2019/20.

Polo que se refire á UDC, os sistemas de apoio e orientación ao alumnado matriculado son:

- Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI, <https://udc.gal/é/cufie/ADI/>), que atende aos membros da comunidade universitaria con discapacidade ou outras necesidades específicas.
- Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante (SAPE, <https://udc.gal/é/sape/>), que informa sobre os estudos e as súas saídas profesionais, o réxime de acceso e permanencia de estudantes na UDC, os dereitos do alumnado e o modo de exercelos e/ou reclamalos, bolsas, axudas e premios convocado e o Seguro Escolar, prazas en residencias universitarias, etc.
- Biblioteca da UDC (https://udc.gal/é/biblioteca/informacion_xeral/), que dá soporte a docencia, aprendizaxe, investigación e formación integral do alumnado e do profesorado e, en xeral, de todas as persoas. Facilita o acceso e a difusión dos recursos de información, xestiona espazos, equipamentos e servizos, e colabora nos procesos de transformar a información en coñecemento. Achega valor e contribúe ás funcións da UDC ao servizo da sociedade.
- Aula de Formación Informática (<https://udc.gal/é/afi/>), que ofrece ao alumnado cursos de iniciación e avanzados para o manexo e coñecemento das ferramentas informáticas que lle son de utilidade.
- Centro de Linguas (<http://www.centrodelinguas.gal/>), no que se pode formar actualmente en catro idiomas estranxeiros (inglés, francés, portugués, alemán). Impártense cursos xerais, intensivos e cursos de conversación de duración trimestral. Estes cursos están homologados pola ACLES e recoñecidos

academicamente como competencias transversais propias da UDC. A formación do Centro de Linguas está dirixida ao alumnado (incluído o estranxeiro), ao persoal docente e investigador, ao persoal de administración e servizos e á sociedade en xeral.

- Oficina de Relacións Internacionais (ORI, <https://www.udc.es/es/ori/>), que facilita información relevante e asesoramento sobre programas e normativa de mobilidade, tanto para o alumnado da UDC que desexe cursar estudos ou realizar estancias de investigación noutras universidades como para o alumnado que procede doutras universidades e outros países que vaia a continuar a súa formación na UDC. A información sobre os programas de mobilidade que xestiona a ORI (<https://www.udc.gal/gl/eid/internacionalizacion/>) publícase tal como establece o proceso D05- P01.
- Cursos de Verán (<https://udc.gal/é/occ/>), que son unha oferta anual de formación complementaria ao alumnado, desenvólta entre os meses de xullo e setembro.
- Xornadas de benvida. A EIDUDC realiza ao comezo de cada curso académico unha xornada de acollida para os novos estudantes e os estudantes de continuación, na que se dá información orientativa que facilita o coñecemento da Escola, tal como información xeral sobre o doutoramento, calendario académico, actividades formativas, programas de mobilidade, procesos académicos, etc. (https://www.udc.es/es/eid/formacion/xornada_benvida/).
- Oficina de Doutoramento da EIDUDC (<https://www.udc.es/gl/eid/contacto/>). Atende ao alumnado nas xestións administrativas de ámbito xeral (matrícula, baixas, prórrogas, expedición de títulos...).
- Unidades de Apoio a Departamentos e Investigación (UADI). Atenden ao alumnado no desenvolvemento ordinario dos PD (plan de investigación, documento de actividades, trámites relacionados coas teses, etc.).
- Guías de trámites administrativos e académicos.
- Impresos. O alumnado dispón na web da EIDUDC dun apartado específico de impresos para trámites administrativos (<https://www.udc.es/es/eid/impresos/>).

Resultados de satisfacción en relación cos servizos de atención e orientación:

Na UVI, os resultados son moi satisfactorios por parte do alumnado, que dá puntuacións por riba de 4. Non obstante, para os anos en que os datos están desagregados, percíbese unha maior puntuación por parte do estudantado de 1º ano con respecto aos de 3º.

Polo que toca ao profesorado, son satisfactorios, con resultados de 3,58 na primeira enquisa e de 4,01 (hai que ter en conta que se miden conxuntamente os servizos e os recursos materiais).

Os escasos datos recollidos na UDC en relación á información proporcionada polos servizos de atención e orientación mostran unha satisfacción que vai de boa (3) no curso 2017-18 a moi boa (4) no 2019-20.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD22: Xustificación da suficiencia e a adecuación dos recursos materiais e servizos directamente relacionados co programa

Indicadores:

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO: Os resultados de aprendizaxe correspóndense co nivel 4 do MECES. Os resultados dos indicadores do programa do doutoramento son adecuados ás súas características e ao contexto socio-económico e investigador.

6.1.- Os estudantes, ao finalizar o proceso formativo, adquiriron as competencias previstas para o programa

Aspectos a valorar:

- As teses de doutoramento, as actividades formativas e a súa avaliación son coherentes co perfil de formación e co nivel 4 do MECES.
- As contribucións científicas derivadas da tese de doutoramento, tanto as previas á súa defensa como as realizadas posteriormente, poñen de manifesto a adquisición das competencias do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As primeiras teses de doutoramento do PD defendéronse no curso 2016-2017, e ata o curso 2019-2020 foron 12 as que se completaron coa consecución do grao de doutor/a. No presente curso académico (2020-21) defendéronse outras cinco teses máis dentro do PD. Todas elas desenvolvéronse dentro dalgunha das liñas de investigación do programa (ata tres vinculacións a liñas diferentes), e polo tanto no perfil descrito da memoria de verificación. Por outra banda, as excelentes cualificacións obtidas permiten afirmar que o nivel 4 do MECES está perfectamente xustificado. Unha vez se declarou a pandemia de Covid19, as universidades participantes facilitaron un sistema de defensa telemática das teses de doutoramento (ver apartado 3.1).

No que toca ás actividades formativas, cómpre dicir que a programación estable corresponde á Universidade de Vigo. Isto é posible grazas á colaboración de coordinadores/as que se encargan da programación das diferentes actividades específicas do PD. Estas persoas non son necesariamente membros da CAPD, e é posible compensarlles o seu traballo a través dunha bolsa de descontos docentes que facilita a UVI. No curso 2019-2020 estas foron as responsabilidades de coordinación:

- Antonio Rifón Sánchez faise cargo dos "Seminarios de formación avanzada", que o alumnado adoita facer durante os dous primeiros anos
- Alexandre Rodríguez Guerra responsabilízase dos "Grupos de discusión I", para o estudiantado do primeiro ano
- María del Carmen Cabeza Pereiro organiza un "Seminario introductorio", que ten a función de servir de benvinda aos novos/as estudantes
- Susana Rodríguez Barcia dispón os "Grupos de discusión II", onde unha parte do estudiantado expón o estado de desenvolvemento da súa tese. Nos últimos anos, esta actividade faise coincidir co seminario introductorio para aproveitar o encontro entre o estudiantado entrante e o experimentado.

Estas actividades anúncianse a través da páxina web do programa e a través da lista de distribución de correo eling@listas.uvigo.es. Desde os inicios do desenvolvemento do programa utilízanse as aulas de videoconferencia dispoñibles e, máis recentemente, os novos sistemas de campus remoto.

A tarefa de coordinación das actividades formativas tamén inclúe a recollida das listas de asistentes, para a oportuna avaliación.

Por outra banda, o profesorado de ambas as universidades organiza actividades a través dos seus grupos de investigación, nomeadamente conferencias e seminarios, que son seguidos regularmente polo alumnado.

Salientamos os seguintes:

- I Simposio Internacional RELEX. Lexicografía románica: Estado da cuestión. 15-17 outubro 2013.
- Conferencia e seminario. Igor Mel'čuk: "Gramática de dependencias" e "Cuestiones fraseológicas". Martes, 29 abril 2014, 12 e 16.30 h

- Conferencias. Jukka Havu: "El pasado reciente en algunas lenguas europeas (español, francés, inglés, italiano, rumano, finés) y "La política lingüística en Finlandia. Fac. de Filología, 22 septiembre 2014, 10 h, aula 2.1, y 24 septiembre, 13 h, Salón de grados
- Ciclo de conferencias Ferramentas lexicográficas ao servizo do usuario na era dixital. Jueves 19 de marzo 2015, 13 h, Salón de grados, Luns 23 de marzo, 11 h, aula 2.14
- II Congreso Internacional Red de Lexicografía RELEX. 5-7 octubre 2015
- Seminario de investigación. *Como se fai unha tese de doutoramento: casos prácticos*. Jueves 17 y 24 de noviembre y 15 de diciembre 2016, 16.30 h
- Conferencia. Clara Keating (Univ. de Coimbra): *Discursos passados e presentes de alfabetização e diversidade linguística em Portugal: dos letramentos (des)contextualizados à literacia em ação*. Jueves 23 marzo 2016, 18.30 h, aula 2.12. Resumen
- Conferencia. Rita Juknevičienė (Univ. de Vilnius, Lituania): *Testing and assessing the productive skills: speaking and writing*, viernes 31 marzo 2017, 10.00 h, Salón de Grados
- Workshop on Lexical Bundles in Academic Writing, Sala Carvalho Calero, martes 5 de xuño de 2018, 10.30 h
- *TIC con TIL. Novas tecnoloxías aplicadas ao Tratamento Integrado de Linguas*. 17 e 18 de outubro 2018.
- Giornate Internazionali sulla Situazione Linguistica in Italia. 23 e 24 de outubro 2018. Programa
- Mesa redonda: *A situación lingüística galega e catalá: semellanzas e diferenzas*. Mércores 3 de abril 2019, 13.00 h, Salón de Graos
- Ciclo de conferencias. *Da Filoloxía á Tradución e viceversa*. 8 e 10 outubro 2019, 16 h, sala 2.7
- Aula aberta: Rebeca Lema Martínez (Univ. Marie Curie-Skłodowska), *A dinamización do galego no estranxeiro: o caso de Polonia*. 28 febrero 2019, 13 h, aula 2.13
- Seminario impartido por Sung Do Kim (Univ. de Corea, Seul): *La cultura asiática: estética y escritura*. Martes 3 marzo 2020, 15 h, aula 2.12

Co programa leva colaborando ininterrompidamente a Biblioteca Universitaria da Universidade de Vigo, que se encarga de complementar a formación do noso alumnado de primeiro curso, dentro da programación dos grupos de discusión, no dominio das bases de datos bibliográficas específicas de lingüística así como de xestores bibliográficos.

Tamén existen colaboracións regulares con outros departamentos, nomeadamente co departamento de Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Vigo, un profesor do cal impartiu varias edicións dun seminario de estatística básica para lingüistas orientado especificamente aos doutorandos/as deste programa.

A estas actividades que oferta e anuncia o programa de doutoramento, engádese a oferta en formación transversal que organizan as respectivas escolas de doutoramento, EIDO e EIDUC. Véxase:

<https://www.udc.es/es/eid/formacion/>

A información dos cursos que ofrece a UVI non é pública, pero está a disposición do alumnado cando se matricula.

No que toca ás contribucións científicas, como para defender a tese é requisito ter cando menos unha publicación, garántese que todas as investigacións van acompañadas do desenvolvemento da competencia de presentar publicamente os obxectivos, a metodoloxía e os resultados. Pero ademais, e como pode observarse na táboa 5, o número de publicacións é elevado (74) e teñen indicadores que revelan a súa calidade (ver táboa 5).

Outra proba da implicación do alumnado en tarefas de investigación é a súa contribución na organización de congresos. En outubro de 2016 organizaron en Vigo o *XXXI Congreso Internacional de la Asociación de Jóvenes Lingüistas* (<https://congresointernacionalajl2016.wordpress.com/>) e, dous anos despois, colaboraron na organización do *XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral* (<http://cilx2018.uvigo.gal/>).

Resultados de calidade das teses (cualificacións, mencións...):

- 12 teses (o total) recibiron a cualificación de Sobresaliente
- 11 obtiveron a mención "cum laude"
- 3 foron defendidas cumprindo os requisitos para a Mención Internacional.

6.2.- Os resultados dos indicadores académicos do programa de doutoramento e a súa evolución son axeitados e coherentes coas previsións establecidas na memoria verificada

Aspectos a valorar:

- Valoración da estimación dos resultados previstos na memoria para o programa de doutoramento, analizando as diferentes taxas, as teses defendidas e as contribucións científicas derivadas das teses.
- Os resultados dos indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A experiencia destes anos levou a un seguimento bastante formalizado dos mecanismos de avaliación e de control de actividades formativas (ver apartado 1.3). No momento de redactar a memoria de verificación non se avanzou un sistema de medición de resultados en forma de número de teses ou de contribucións científicas. O equipo de profesorado que se xuntou para presentar a proposta tiña xa experiencia na formación de doutores/as, pero non se coñecían os pormenores da supervisión no marco dun PD deseñado de acordo co Real Decreto 99/2011. Na actualidade estamos en condicións de comezar a avaliar os resultados en forma das teses defendidas, pois hai xa un número suficiente delas para permitir unha valoración conxunta (IPD18.1). No curso 2016-2017, isto é, tres anos despois do arranque do PD, defendéronse as dúas primeiras teses, unha na UVI e outra na UDC. Nos tres cursos seguintes culmináronse, respectivamente, 4, 2 e 4 teses no PD, o que indica unha progresión moderada, que aumenta no actual curso académico (2020-2021) coa defensa de 5 teses de doutoramento. Cómpre resaltar que o estudantado está acadando boas cualificacións (ver porcentaxes de mencións "cum laude" en 18.6) e difundindo os resultados da súa investigación en congresos e revistas, tanto nacionais como internacionais (táboa 5 ou EPD24). A CAPD reflexiona sobre o feito de que a tradición académica no ámbito leva a elaborar teses que se prolongan moito no tempo, e que sería oportuno emprender unha acción de mellora para conseguir unha maior taxa de éxito (ver anexo IV).

Por outra banda, como se desprende da táboa 4 (EPD23), a porcentaxe de estudantes que poden financiarse a través de contratos ou axudas predoutorais é máis ben reducida (dun 25%), e moi inferior á do alumnado que non recibe financiamento (ver IPD11). Tamén se observa que as taxas de éxito son maiores para aquelas e aqueles alumnos que se dedican á tese a tempo completo (IPD18.2). Percíbese, pois, unha maior dificultade para acadar a meta proposta por parte do estudantado que ten que financiarse con recursos propios e que, como consecuencia, ten que repartir o tempo entre os seus estudos e unha ocupación profesional. O indicador IPD18.4 corrobora esta percepción.

6.3.- Os indicadores son adecuados ao perfil dos estudantes, de acordo co ámbito científico do programa

Aspectos a valorar:

- Analizar, á vista dos resultados obtidos polo programa no período avaliado, tendo en conta o perfil dos estudantes, as características do programa e o ámbito científico.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil de ingreso contrólase desde o momento mesmo da selección de candidaturas, posto que para a admisión se ten en conta a formación anterior e a súa adecuación á investigación en lingua española, lingua galega e lingüística xeral. Ver criterios de admisión na páxina web do PD: <http://doutoramento-eling.webs.uvigo.es/>

Para o alumnado que non ten unha formación específica en lingüística, a CAPD aconsella un número de créditos en complementos de formación, que se cursan no *Mestrado Interuniversitario de Lingüística Aplicada*, e o titor/a da tese propón as materias concretas que se han de cursar, dentro dunha lista que se pode consultar en <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/doutoramento/programa-doutoramento-estudios-linguisticos-v05d005v06>, así como en <https://estudios.udc.es/gl/study/detail/5019V01>. Ver tamén evidencia 6.

Como xa se comentou, durante o primeiro ano de formación predoutoral, o estudiantado fai unha defensa pública do seu plan de investigación (ver apartado 1.3), o que conleva recibir unha retroalimentación por parte doutros expertos/as do PD ou alleos.

Por outra banda, as e os estudantes incorpóranse aos grupos de investigación en que se organiza o profesorado do PD (ver EPD20 / táboa 3 e, complementariamente, EPD21 / táboa 4). Desa maneira están en contacto coa actividade que se desenvolve neles e poden aproveitar os recursos materiais de que dispoñen estes grupos.

Todas estas experiencias constitúen unha guía para a formación do alumnado, e garanten a súa plena comprensión das formas de investigar nos ámbitos do programa, así como tamén a desenvolverse no mundo académico. Neste sentido, lémbrese que unha das actividades formativas (grupos de discusión II) consiste en expoñer diante dos outros compañeiros/as o desenvolvemento da súa investigación (ver supra 6.1). Ademais, é requisito para defender a tese ter, polo menos, unha contribución científica.

Os datos do IPD18.2 mostran unha correlación entre teses defendidas no PD e tipo de dedicación. Chama a atención a incidencia entre a dedicación parcial e o número de defensas de teses, posto que o resultado é 0. Isto pode complementarse coa táboa do IPD18.4, que analiza a relación entre o tempo consumido para chegar ao final do proceso coa dedicación. Algunhas das teses realizadas a tempo completo complétanse no tempo que marca a regulamentación, e as que non o fan precisan unha única prórroga. No entanto, as que se realizan a tempo mixto precisan máis tempo (para o alumnado a tempo parcial, como xa se dixo, o resultado é 0). Como xa se adiantou en 6.2, a CAPD considera que convén dispoñer dunha acción de mellora para que as teses se axusten aos estándares académicos de hoxe en día, de xeito que non consuman tanto tempo (ver anexo IV).

Polo que toca á lingua en que as teses están escritas, obsérvase no IPD18.3 que a meirande parte delas están en español, e só tres noutras linguas (nomeadamente, o portugués).

Polo que respecta á taxa de éxito (IPD18.5), parece desprenderse dos datos dos diferentes anos que se mantén con algunha caída. Estes datos poden poñerse en relación co número de abandonos (baixas definitivas no programa), que foron solicitados ás respectivas unidades administrativas e se mostran na seguinte táboa:

Baixas definitivas no PD en Estudos lingüísticos:

Curso académico	Universidade de Vigo	Universidade da Coruña	Total
2014-15	1	1	2
2015-16	0	2	2
2016-17	1	0	1
2017-18	3	3	6
2018-19	4	1	5
2019-20	4	1	5
Total	13	8	21

Cremos que é precisa unha reflexión sobre estes abandonos, para valorar cales son as súas causas e buscar, se é posible, fórmulas para diminuír as baixas (ver no anexo IV acción de mellora específica para este tema).

6.4.- A satisfacción do estudiantado, do PDI, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

Aspectos a valorar:

- Análise dos indicadores de satisfacción de estudantes, PDI, egresados e outros grupos de interese.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Resultados xerais de satisfacción para cada un dos grupos de interese:

En base aos resultados dispoñibles relativos ás satisfacción dos participantes no programa, en liñas xerais a nosa valoración é positiva tendo en conta unha serie de matices que detallamos a continuación. Precisamos tamén que os datos dispoñibles son desiguais nas dúas institucións: dispoñemos na UVigo de enquisas de satisfacción correspondentes desde o curso académico 2015-2016, aínda que, como se explica máis abaixo, non hai datos desagregados por programas para os cursos 2018-2019 e 2019-2020, mentres que na UDC as enquisas comezaron no curso 2017-2018 e non temos os datos de todos os grupos de interese de todos os cursos. Tamén é necesario precisar que o grao de participación nas mencionadas enquisas foi desigual nas distintas sedes. Como é lóxico, e aínda que nos referiremos a todos os rexistros de satisfacción dispoñibles, tomamos como especial referencia aquelas en as que o índice de respostas é máis elevado ao consideralas máis significativas.

Os Sistemas de Garantía da Calidade (SGC) da EIDO e da EIDUDC contan con procesos que garanten a recollida de opinión e a avaliación da satisfacción dos diferentes grupos de interese:

- Medición da satisfacción
- Xestión das queixas, suxestións e parabéns
-

Medición da satisfacción

Podemos considerar que as actividades de medición de satisfacción comezaron, no ciclo de doutoramento, no ano 2016 coa posta en marcha da primeira enquisa a estudantes na UVI, na que se valorou o curso 2015/16. Na UDC as enquisas comezaron o curso 2017.

Despois, a organización das actividades de medición da satisfacción tomou a forma de programa no que, de xeito cíclico, se programan e desenvolven as accións relacionadas con esta temática. A Comisión de Calidade da Eido e a Comisión Permanente da EIDUDC, que actúa como comisión de calidade, analizan e aproban estas actividades.

A seguir ofrécese o detalle do proceso na UVI:

-Primeiro ciclo: 2017/18 a 2018/19

- Consolidación da enquisa anual de estudantes de 1º e 3º ano (cursos 2016/17 e 2017/18)
- 2018: Realización da primeira enquisa ao PDI (directores e titores de teses), tomando toda a poboación histórica desde 2013
- As análises de resultados e toma de accións de mellora realizáronse na Comisión de Calidade da Eido en xullo de 2020.

-Segundo ciclo (actual): 2019/20 a 2021/22

- 2020: realización da enquisa anual a estudantes de 1º e 3º ano (de forma extraordinaria cursos 2018/19 –retrasada pola pandemia- e 2019/20)
- 2020: segunda enquisa ao PDI (directores e titores de teses), cos datos do período 2018/19 e 2019/20
- Aprobación de novos cuestionarios (PAS) e fichas metodolóxicas. Previsión de realización: 2º T 2021
- Egresados: previsión de realización da medición en 2021, a través do Consello Social
- Os detalles desta programación poden atoparse na documentación da Comisión de Calidade da Eido en xullo de 2020.

Síntese xeral dos resultados obtidos:

Estudantes:

Resultados de participación agregados do PD de Estudos Lingüísticos (contexto UVI)

Curso 2015/2016		Curso 2016/2017		Curso 2017/2018		Curso 2018/2019		Curso 2019/2020	
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano
52,76 %	44,13%	50,61%	47,32%	50,42%	42,57%	45,61%	45,38%	51,19%	50,37%
56%	56%	67%	36%	29%	0%	-(*)	-(*)	-(*)	-(*)

Os resultados de participación institucionais (fila superior) son moi elevados, con valores por riba do 50% para os estudantes de 1º ano e arredor do 45% para os de 3º ano, cunha certa tendencia á mellora. As actividades de promoción e de información institucionais respecto da participación considéranse efectivas. Estes son os resultados verdadeiramente significativos para a análise da participación, posto que os desagregados por programa non poden ser considerados desde o mesmo punto de vista ao tratarse de poboacións moi pequenas. Aínda así, a gran maioría dos programas presentan valores de participación significativos (entre o 20-70%).

Os resultados de participación do programa (fila inferior) non resultan fáciles de interpretar, posto que faltan os datos dos cursos 2018-2019 e 2019-2020. Do que si está dispoñible, obsérvanse unhas porcentaxes por riba da media da UVI no curso 2015-2016. No seguinte, sube aínda máis a participación do alumnado do 1º ano pero decrece a do estudantado de 3º ano. Finalmente, os datos decaen no curso 2017-2018 ata a nula participación do grupo de 3º ano.

Resultados de satisfacción agregados do PD de Estudos Lingüísticos (contexto UVI)

Curso 2015/2016		Curso 2016/2017		Curso 2017/2018		Curso 2018/2019		Curso 2019/2020	
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano
3,83	3,49	3,33	3,49	4,04	3,76	3,95	3,85	4,15	3,89
3,76	3,91%	3,60	2,72	4,22	-	-(*)	-(*)	-(*)	-(*)

Escala de valores de 1 (máis negativo) a 5 (máis positivo)

Os resultados de satisfacción institucionais (fila superior) son positivos, con valores da escala que tenden (e mesmo superan no último ano) o nivel *satisfactorio* (4/5), tanto en 1º ano como en 3º. Tamén, unha gran maioría dos programas dispoñen de valores superiores ao punto medio da escala (3/5), e moitos deles superior a 4/5. Do mesmo xeito que no caso da participación, os resultados desagregados por programa deben tratarse con cautela, ao tratarse de poboacións moi pequenas. Nestes casos convén prestar máis atención ás tendencias cá os valores puntuais.

Os resultados de satisfacción do programa (fila inferior) son, en liñas xerais, positivos. É difícil, non obstante, extraer unha pauta debido a que nos dous primeiros cursos a diferenza entre alumnado de 1º e 3º ano mostra un patrón diferente (ascendente en 2015-2016 e descendente en 2016-2017). No 2017-2018 o único dato revela un alto nivel de satisfacción.

-(*) : Como se comentou, en outubro de 2020 realizáronse ao mesmo tempo, de forma extraordinaria, as enquisas anuais a estudantes de 1º e 3º ano de 2019/20 e tamén do curso 2018/19, retrasada pola pandemia.

Un problema técnico na configuración da aplicación de enquisas (LimeSurvey) provocou que, aínda que o proceso de recollida de opinión se desenvolveu correctamente e se tiñas os datos agregados, sexa imposible dispor dos resultados de participación e de satisfacción desagregados por programa, así como tampouco por sexo. Trátase dunha cuestión puntual que, de xeito excepcional, afectou a dous cursos. En 2021, resolta a incidencia, dispórase de novo de resultados desagregados.

No caso da UDC, fixéronse enquisas ao alumnado nos cursos 2017-2018 e 2019-2020. A pesar da escasa participación, hai que subliñar que os estudantes valoraron todos os aspectos (información, procedementos, oferta formativa, PDI, satisfacción xeral, etc.) cunhas elevadas puntuacións de 4 ou 5 puntos en todas as dimensións.

Se nos centramos no último curso 2019-2020, observamos que o PD de Estudos Lingüísticos obtén a puntuación máis alta en relación cos outros PD de Artes e Humanidades e con todo o resto dos PD da UDC: obtén un 4,5 de satisfacción xeral dun 5. Sinalamos as puntuacións agrupando as preguntas da enquisa.

	Estudos ling	Arte e Hum	Xeral
Información e orientación	4,00	3,63	3,73
Admisión e matrícula	4,75	4,31	4,27
Persoal académico e investigador	5,00	4,51	4,44
Recursos materiais e servizos	4,83	4,07	4,05
Oferta formativa	4,00	3,34	3,66
Mobilidade e internacionalización	4,00	3,6	3,68

<i>Aprendizaxe e avaliación</i>	4,50	4,04	4,02
<i>Incidencias, reclamacións e suxestións</i>	4,00	2,98	3,52
<i>Satisfacción xeral</i>	4,5	4,06	4,02

Profesorado (directores e titores de teses):

Resultados de participación agregados do PD de Estudos Lingüísticos (contexto UVI)

2018 (cursos 2012/13 a 2017/18)	2020 (cursos 2018/19 a 2019/20)
52,73%	52,59%
-	55%

Resultados de participación institucionais (fila superior): a primeira enquisa do 2018 obtivo resultados moi elevados, de case un 53%. Esta participación tan significativa repetiuse no 2020, de novo case un 53% polo que, de novo, as actividades de promoción e de información institucionais respecto da participación considéranse efectivas.

Resultados de participación por programa (fila inferior): en 2018 non estaban dispoñibles os resultados desagregados, pois a poboación histórica de profesorado non estaba asociada a cada programa. En 2020 a participación do profesorado supera a media dos diferentes programas de doutoramento da Universidade de Vigo.

Resultados de satisfacción agregados do PD de Estudos Lingüísticos (contexto UVI)

2018 (cursos 2012/13 a 2017/18)	2020 (cursos 2018/19 a 2019/20)
3,65	3,88
-	3,93%

Escala de valores de 1 (máis negativo) a 5 (máis positivo)

Os resultados de satisfacción institucionais (fila superior) son positivos, con valores da escala que marcan unha tendencia cara o nivel *satisfactorio* (4/5). Aínda que en 2018 non se dispuña de datos desagregados, en 2020 constátase que unha gran maioría dos programas dispoñen de valores superiores ao punto medio da escala (3/5), con tendencia ao valor 4/5.

No que toca aos resultados de satisfacción do programa (fila inferior): en 2020 superaron a media da UVI.

En canto á UDC, fixéronse enquisas ao profesorado dende 2017. A participación subiu no pasado curso:

Resultados de participación no PD de Estudos Lingüísticos (UDC)

Curso 2017/2018	Curso 2018/2019	Curso 2019/2020
26.6%	13.3%	35%

Resultados de satisfacción no PD de Estudos Lingüísticos (UDC):

Curso 2017/2018	Curso 2018/2019	Curso 2019/2020
3,82	3,18	4,03

A valoración dos profesores nas enquisas do curso 2019-2020 tamén mostran un alto grado de satisfacción. En moitos casos ten a puntuación máis alta de todos os programas. Mostramos na seguinte táboa as valoracións agrupadas.

	Estudos Lingüísticos	Arte e Hum	Xeral
<i>Información e orientación</i>	4,18	3,76	4,00
<i>Comisión Académica do programa</i>	4,44	4,25	4,52
<i>Persoal académico</i>	4,00	3,91	4,29
<i>Recursos materiais e servizos</i>	4,22	3,83	3,94
<i>Oferta formativa</i>	3,17	3,54	3,87
<i>Mobilidade e internacionalización</i>	3,83	3,39	3,76
<i>Aprendizaxe e avaliación</i>	3,83	4,04	4,03
<i>Incidencias, reclamacións e suxestións</i>	4,40	3,76	4,01
<i>Satisfacción xeral</i>	3,83	3,71	4,04

Sistema de QSP (datos da UVI)

De xeito adicional e complementario ás actividades programadas de medición da satisfacción, o sistema de QSP implantouse no ciclo de doutoramento xa en 2015.

O sistema está operativo e está consolidado, e representa tanto unha canle de entrada de información para a satisfacción como unha fonte de melloras. As principais fontes de entradas de QSP son a Eido e o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

Aínda que os tempos de resposta medios (8 días) están dentro do previsto no Regulamento de QSP, á súa mellora oríéntase a mellorar esta prestación.

6.5.- A inserción laboral dos egresados é coherente co contexto socioeconómico e investigador do programa.

Aspectos a valorar:

- Análise da inserción laboral dos doutores/as tendo en conta os datos e estimacións que se inclúiran na memoria verificada.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do programa.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En liñas xerais, existen tres fontes de datos con orixe diferente e complementarias para analizar a inserción laboral:

- Os estudos de inserción laboral competencia da ACSUG, que aínda non están activados.

- As análises de situación canto a satisfacción e empregabilidade da Universidade de Vigo: a Eido coordina a recollida desta información co Observatorio de Egresados do Consello Social para empezar a dispor de datos cuantitativos previsiblemente no curso 2021/22.
- Os datos dispoñibles por cada CAPD.

En todo caso, na seguintes ligazóns da UVigo pode atoparse certa información canto a inserción laboral, aínda que pouco representativa para os PD do RD 99/2011:

- Portal de transparencia: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/6>
- Observatorio de egresados do Consello Social da Universidade de Vigo: <http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/>

Seguimento dos egresados e resultados de inserción laboral:

A Comisión Académica do PD mantén o contacto coas persoas egresadas, e grazas a iso ten noticia de que a meirande parte delas están desempeñando algún labor profesional relacionada co seu ámbito de estudo, como por exemplo, nunha editorial que elabora métodos de e-learning, nun departamento de comunicación dunha empresa ou docencia en diferentes niveis. Seis delas están desenvolvendo tarefas de docencia universitaria.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD23: Táboa 4: Teses doutorais dirixidas no programa no período avaliado

EDP24: Táboa 5: Contribucións científicas relevantes desde a implantación do programa

Indicadores:

IPD18: Evolución dos indicadores de resultados do programa desde a implantación do título:

- Número de teses defendidas
- Porcentaxe de teses realizadas a tempo completo, a tempo parcial e con dedicación mixta
- Número de teses presentadas en galego, castelán ou outro idioma
- Duración media dos estudos a tempo completo/tempo parcial
- Taxa de éxito:
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese sen pedir prórroga
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a primeira prórroga
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a segunda prórroga
- Porcentaxe de teses con cualificación de *cum laude*
- Porcentaxe de teses con mención internacional

IPD19: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)

IPD20: Datos relativos á empregabilidade dos doutorandos:

- Porcentaxe de egresados que están traballando
- Porcentaxe de egresados que están traballando en función do nivel de doutor
- Porcentaxe de doutorandos que conseguen axudas para contratos posdoutorais

3. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Normativa para a presentación e lectura de teses (aprobada polo Consello de Goberno na súa reunión do 20 de xuño de 2017)	Actualización da normativa para a presentación e lectura de teses de doutoramento no Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo.
Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo. (versión aprobada polo Comité de dirección do 17/12/2019 e o Consello de Goberno do 27/02/2020)	Actualización do regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo para adaptarse e por en coherencia coa aprobación do sistema de garantía de calidade en doutoramento, cos estándares europeos de investigación do programa HR <i>Excellence in Research</i> e con diversos aspectos que se poñen ao día.
Altas e baixas de profesorado	As baixas motiváronse en todos os casos por xubilación ou falecemento; as altas débense á extensión das opcións de seguimento do estudiantado
Aumento da oferta de prazas	Sempre coa autorización da EIDO, desde a UVI deuse entrada a un maior número de estudantes, para atender a demanda

4. PLAN DE MELLORAS

(Ver Anexo IV)

ANEXO IV. PLAN DE MELLORAS

Accións institucionais (xestionadas na Eido da UVI)

CRITERIO 2.3	
Denominación da proposta	Desenvolver a estrutura de calidade da web da Eido
Punto débil detectado/Análise das causas	A web da Eido non dispón dunha estrutura onde se poida realizar un fácil acceso á información relevante do SGC
Ámbito de aplicación	SGC Eido
Responsable da súa aplicación	Dirección da Eido
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	- Diseñar a estrutura de calidade da web - Implantar a estrutura de calidade - Cargar a información relevante dispoñible do SGC
Período de execución	3º trimestre de 2018
Recursos/financiamento	Colaboración da Área TIC
Responsable do seguimento e data	Comisión de Calidade da Eido
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Información dispoñible na web sobre o SGC
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Completo. A Universidade de Vigo puxo en marcha a nova Web institucional. No apartado da Eido xa aparecen case todos os contidos definitivos.
Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019 Marzo de 2020
Resultados obtidos	Rematouse o deseño da páxina Web da Universidade de Vigo Está bastante desenvolvida a páxina Web da Eido https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento E dentro desta páxina, o apartado de calidade: https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade
Grao de satisfacción	Mediano. O procedemento finalizou o 1º trimestre de 2020, varios meses máis tarde do inicialmente previsto.

Accións correctoras a desenvolver	-
--	---

CRITERIO 3	
Denominación da proposta	Desenvolver os procedementos do SGC da Eido
Punto débil detectado/Análise das causas	O SGC da Eido está en fase de deseño e desenvolvemento, polo que cómpre elaborar a documentación (procedementos) seguindo o mapa de procesos establecido no Manual de Calidade.
Ámbito de aplicación	SGC Eido
Responsable da súa aplicación	Dirección da Eido
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	- Elaborar as propostas de procedementos - Validar as propostas na Comisión de Calidade - Aprobar as propostas no Comité de Dirección
Período de execución	4º trimestre de 2018
Recursos/financiamento	Grupo de traballo (persoal da Área de Calidade, Eido, Servizo de Posgrao e as persoas que, en función dos contidos de cada procedemento, se poidan incorporar)
Responsable do seguimento e data	Comisión de Calidade da Eido Xuño 2018
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Actas da Comisión de Calidade e do Comité de Dirección nas que reflictan a validación e aprobación dos procedementos de calidade.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Total (rematado) O SGC foi validado na Comisión de Calidade da Eido o 14.12.2018 e aprobado no Comité de Dirección o 17.12.2018. Enviado á ACSUG o 20.12.2018.
Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019 Febreiro de 2020
Resultados obtidos	Rematouse o deseño do 100% dos procesos de SGC. Desenvolveuse toda a estrutura documental (manual, procedementos e anexos) nos prazos programados. O proceso participativo deu lugar a propostas de mellora que se foron incorporando aos procedementos. Informe de certificación do deseño de ACSUG de 30.07.2019. Resultado: FAVORABLE. A documentación do SGC está dispoñible na ligazón: https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade

Grao de satisfacción	Alto
Accións correctoras a desenvolver	--

CRITERIOS 3 e 6	
Denominación da proposta	DESEÑO DA MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE DA EIDO
Punto débil detectado/Análise das causas	Dispor de mecanismos de recollida de opinión dos grupos de interese máis relevantes dos programas de doutoramento da Eido. A situación actual é a seguinte: 1 Estudantado: o curso 2015/16 xa se puxo en marcha a avaliación de satisfacción. A metodoloxía elixida foi a enquisa: unha para o estudantado de 1º ano e outra para o de 3º ano. Posto que ten unha frecuencia anual, realizarase de novo este curso. Este curso 2016/17 realizouse por segunda vez esta avaliación. 2 Outros grupos de interese relevantes (profesorado –direccións de teses, titores/as-, persoal de administración e titulados): non se dispón, polo de agora, de mecanismos para recoller sistematicamente a súa opinión. A comisión de calidade da Eido debe deseñar un programa de medición da satisfacción adaptado.
Ámbito de aplicación	Todos os PD adscritos á EIDO
Responsable da súa aplicación	Comisión de Calidade da EIDO
Obxectivos específicos	Dispor de resultados de satisfacción dos grupos de interese que permitan mellorar os programas de doutoramento
Actuacións a desenvolver	Deseñar e aprobar un programa de medición da satisfacción adaptado aos grupos de interese máis relevantes da Eido (previsto para a vindeira comisión de calidade) Implantar o programa
Período de execución	Curso 2017-18 e 2018/19
Recursos/financiamento	-
Responsable do seguimento e data	Coordinador de calidade da EIDO Xuño 2018 Marzo 2020
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Deseño do programa de medición da satisfacción Informes de resultados de avaliación da satisfacción
Observacións	

Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Parcial (en curso) Seguindo o Deseño da avaliación da satisfacción dos grupos de interese dos PD da Eido aprobada na Comisión de Calidade da Eido en febreiro de 2018, realizáronse: -enquisa a estudantes: 2015/16, 2016/17, 2017/18, 2018/19 e 2019/20 -enquisa a profesorado (directores e titores de teses): 2018 (período 2012/13 a 2017/2018) e 2020 (período 2018/19 e 2019/20) Están pendentes: -grupo de traballo co PAS: en curso (previsto para 2ºT 2021). Esta actividade está en retraso pois estase traballando coas outras universidades do SUG co obxecto de harmonizar o cuestionario de avaliación. -enquisa a egresados: prevista para 2021 A Comisión de Calidade da Eido, na súa reunión de xullo de 2020, realizou un seguimento e análise dos resultados obtidos no período 2017/18 e 2018/19 e aprobou a programación para o novo período 2019/20 a 2021/22.
Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019 Febreiro 2021
Resultados obtidos	Leváronse a cabo os procesos de avaliación segundo o previsto (estudantado e profesorado), empregando a plataforma de enquisas LimeSurvey https://secretaria.uvigo.gal/enquisas/index.php/admin/authentication/sa/login Os cuestionarios, aprobados pola Comisión de Calidade da Eido, están dispoñibles en tres idiomas (galego, castelán, inglés). Existen resultados e indicadores de satisfacción para o estudantado e profesorado. Os datos están publicados no Portal de Transparencia da UVigo, na ligazón https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/28 Realizáronse as análises oportunas na Comisión de Calidade da Eido e nas CAPD.
Grao de satisfacción	Alto Os resultados son, en xeral, positivos e dan pistas para mellorar os procesos e os programas. En particular, os resultados de participación xerais, en todas as enquisas, están entre o 40% - 55% e os de satisfacción maioritariamente por riba do valor 3,5/5.
Accións correctoras a desenvolver	-- (As accións para mellora o programa de medición de satisfacción tomaranse na Comisión de Calidade da Eido)

Accións institucionais (xestionadas na EIDUDC)

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDAD (SGC)	
Denominación de la propuesta	Diseñar el SGC de la Escuela Internacional de Doctorado (EIDUDC).
Punto débil detectado/Análisis de las causas	Se deben desplegar completamente los SGC de las Escuelas de Doctorado de las dos Universidades que participan en el título
Ámbito de aplicación	SGC de la EIDUDC
Responsable de su aplicación	- Vicerrectorado de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID) - Comité de Dirección de la EIDUDC (CD) - Unidad Técnica de Calidad (UTC) - ACSUG
Objetivos específicos	- Diseñar la documentación del SGC: elaborar el manual y los procesos. - Aprobar el SGC. - Remitir el SGC para la certificación del diseño.
Actuaciones a desarrollar	- Constitución del grupo de trabajo - Elaborar una propuesta de manual y procesos del SGC. - Presentación de la propuesta a la Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC para su análisis. - Aprobación del SGC por la Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC. - Remitir la documentación del SGC a la ACSUG para la certificación del diseño
Período de ejecución	Cursos académicos 2016/2017 y 2017/2018.
Recursos/financiación	No se necesitan recursos adicionales
Responsable del seguimiento y fecha	Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC. Antes del fin del curso 2017/2018.
Indicadores de ejecución	No aplica
Evidencias documentales y/o registros que se presentan/presentarán como evidencias de su implantación	- SGC de la EIDUDC diseñado - Informe de certificación del diseño del SGC
Observaciones	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumplimiento (total o parcial)	Parcial
Responsable de la revisión y fecha	Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC. Septiembre, 2021
Resultados obtenidos	- Grupo de trabajo constituido

	- Propuesta de manual y procesos del SGC elaborados. - La Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC realizó el análisis y aprobó del SGC. - Se remitió la documentación del SGC a la ACSUG para la certificación del diseño. - La comisión de evaluación emitió el 15/10/2018 el informe provisional y se lo remitió a la UDC. - La UDC remite a la ACSUG la respuesta a dicho informe el 16/11/2018, junto con la documentación del SGC modificada en base a este. - La comisión de evaluación emite el 11/03/2019 un segundo informe provisional y se lo remite a la UDC. - La UDC remite a la ACSUG la respuesta a dicho informe el 5/08/2020, junto con la documentación del SGC modificada en base a dicho informe. - La Comisión de evaluación emitió el 15/12/2020 el informe final de certificación del diseño con valoración favorable
Grado de satisfacción	Alto (dentro de los valores de referencia bajo-medio-alto)
Acciones correctoras a desarrollar	- Puesta en marcha de la aplicación informática para la gestión del SGC de la EIDUDC. - Desplegar completamente el SGC de la EIDUDC.

CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO	
Denominación de la propuesta	Diseñar las encuestas que se aplicarán a todos los grupos de interés, aplicar dichas encuestas y analizar los resultados
Punto débil detectado/Análisis de las causas	Se debe recabar información sobre la satisfacción de todos los grupos de interés (alumnado, PDI, egresados, PAS,...) en las dos universidades de forma continuada y sistemática, a fin de disponer de fuentes de información útiles para la mejora del Programa.
Ámbito de aplicación	Programas de doctorado
Responsable de su aplicación	- Vicerrectorado de Oferta Académica e Innovación Docente (VOAID)/Unidad Técnica de Calidad - Comité de Dirección de la EIDUDC - Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC - Comisión Académica del Programa de Doctorado (CAPD)

Objetivos específicos	- Diseñar las propuestas de encuestas de satisfacción - Analizar y aprobar los modelos de encuestas - Aplicar las encuestas - Tratar los datos - Analizar los resultados
Actuaciones a desarrollar	- Constitución del grupo de trabajo - Elaboración de las propuestas de encuestas de satisfacción. - Presentación de las propuestas a la Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC para su análisis y aprobación. - Aplicación de las encuestas - Tratamiento de datos por la UTC - Análisis de datos por las CAPD
Período de ejecución	Cursos académicos 2016/2017, 2017/2018 y siguientes.
Recursos/financiación	No se necesitan recursos adicionales
Responsable del seguimiento y fecha	Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC. Primer trimestre del curso 2017/2018. (Con informes de seguimiento/renovación acreditación de los Programas de Doctorado)
Indicadores de ejecución	- No aplica
Evidencias documentales y/o registros que se presentan/presentarán como evidencias de su implantación	- Actas de las reuniones realizadas. - Modelos de encuestas aprobadas - Análisis de encuestas.
Observaciones	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumplimiento (total o parcial)	Parcial (80%)
Responsable de la revisión y fecha	Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC. Septiembre 2021
Resultados obtenidos	Se han elaborado y aplicado encuestas a los grupos de interés que se indican a continuación: - Estudiantes (cursos: 2017/18, 2018/19, 2019/20). - PDI (cursos: 2017/18, 2018/19 y se prevé su envío a principios del mes de octubre del 2020 para el curso 2019/20). - PAS (periodicidad bienal, se pasó por primera vez al personal de la Oficina de Apoyo a la EIDUDC y al personal de las Unidades de Apoyo a Departamentos e Investigación (UADI) en 2019 para el curso 2018/19 se pasará de nuevo en 2021 para el curso 2020/21). - Titulados (sin aplicar) - Egresados (sin aplicar)

Grado de satisfacción	Medio (dentro de los valores de referencia bajo-medio-alto)
Acciones correctoras a desarrollar	- Finalizar con la elaboración de las encuestas de satisfacción de los grupos de interés comunes para las tres universidades del SUG. - Seguir potenciando la participación de los distintos grupos de interés en las encuestas de satisfacción. - Aplicar dichas encuestas a los grupos de interés. - Analizar los resultados.

Acción resultado do informe de verificación de ACSUG (se procede)

Ver apartado 1.5 supra

Acción incorporadas no informe de seguimiento

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	
Denominación da proposta	Proposta de converxencia de procesos burocráticos nas universidades implicadas
Punto débil detectado/Análise das causas	Escasa compatibilidade nos calendarios académicos
Ámbito de aplicación	EIDO e EIDUDC
Responsable da súa aplicación	EIDO e EIDUDC
Obxectivos específicos	Conseguir que os procesos de admisión e matrícula corran parellos no tempo
Actuacións a desenvolver	Unificar os calendarios académicos de admisión e matrícula nos programas de doutoramento en ambas as dúas universidades implicadas
Período de execución	2018-2019
Recursos/financiamento	Non é preciso
Responsable do seguimento e data	
Indicadores de execución	Publicación dos calendarios de admisión e matrícula da UVI e da UDC para o curso 2019-2020
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Páxinas web das respectivas universidades
Observacións	

A diverxencia nos calendarios das universidades fixo imposible ata o momento a publicación de listas conxuntas de persoas admitidas no PD, o que dificulta a coordinación.

Revisión/Valoración

Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Moi avanzado
Responsable da revisión e data	EIDO e EIDUDC
Resultados obtidos	Converxencia case completa dos calendarios académicos de ambas as universidades
Grao de satisfacción	Alto
Accións correctoras a desenvolver	Converxencia total dos devanditos calendarios

CRITERIO 1. Organización e desenvolvemento

Denominación da proposta	Renovar a CAPD
Punto débil detectado/Análise das causas	- Dende que se iniciou este programa de doutoramento non houbo ningunha muda na súa Comisión Académica. Coidamos que, non só polo desgaste ó que se sometieron os seus membros, senón tamén para introducir nel novas ideas, novas perspectivas e novos folgos, unha proposta de mellora debe ser a necesaria renovación da CAPD.
Ámbito de aplicación	Programa de doutoramento
Responsable da súa aplicación	CAPD
Obxectivos específicos	Introducir novas ideas e perspectivas no funcionamento do programa de doutoramento
Actuacións a desenvolver	Convocar aos axentes implicados, de acordo co previsto nos regulamentos e normas aplicables, para proceder á elección dun novo coordinador ou coordinadora, e renovar os membros da CAPD
Período de execución	2018
Recursos/financiamento	Non se precisan recursos adicionais
Responsable do seguimento e data	CAPD
Indicadores de execución	
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Información pública na web
Observacións	
Revisión/Valoración	

Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Total
Responsable da revisión e data	CAPD
Resultados obtidos	Mudou a composición da CAPD
Grao de satisfacción	Alto
Accións correctoras a desenvolver	Non hai

Accións resultado do informe de avaliación do seguimento de ACSUG (se procede)

Accións adicionais resultado das análises deste informe de renovación da acreditación (se procede)

CRITERIO 6. RESULTADOS	
Denominación da proposta	Análise das causas do abandono por parte do estudiantado
Punto débil detectado/Análise das causas	Abandono por parte dalgúns/algúns estudantes do PD
Ámbito de aplicación	PD de Estudos Lingüísticos
Responsable da súa aplicación	CAPD
Obxectivos específicos	Clarificar os contextos e razóns do abandono, nomeadamente para o alumnado a tempo parcial
Actuacións a desenvolver	Analizar os casos de abandono en busca de patróns semellantes; analizar as causas
Período de execución	2021-2023
Recursos/financiamento	Non é preciso
Responsable do seguimento e data	CAPD de Estudos Lingüísticos
Indicadores de execución	Toma de acordos sobre o resultado da acción
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidenciar a súa implantación	Actas da CAPD
Observacións	

Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS	
Denominación da proposta	Seminario de orientación do profesorado para un maior aproveitamento do período de doutoramento
Punto débil detectado/Análise das causas	A duración das teses supera en moitos casos o previsto na normativa (3 ou 5 anos, dependendo da dedicación) e a produción científica durante o período de formación pode mellorarse.
Ámbito de aplicación	PD de Estudos Lingüísticos
Responsable da súa aplicación	CAPD; EIDO
Obxectivos específicos	Diminuír os tempos de realización das teses ademais de aumentar a produtividade científica dos estudantes
Actuacións a desenvolver	Dar formación actualizada sobre como se dirixe unha tese; ofrecer ao profesorado un documento-guía que recolla as diferentes accións formativas que favoreza unha maior implicación pola súa parte
Período de execución	2021-2023
Recursos/financiamento	Pagos a formadores/as; Cursos organizados polas Escolas de doutoramento
Responsable do seguimento e data	CAPD de Estudos Lingüísticos
Indicadores de execución	Toma de acordos sobre o resultado da acción
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidenciar a súa implantación	Impartición do seminario
Observacións	

Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	
Denominación da proposta	Aumento das mencións internacionais
Punto débil detectado/Análise das causas	Escaso número de teses con mención internacional
Ámbito de aplicación	Programa de doutoramento
Responsable da súa aplicación	CAPD; profesorado
Obxectivos específicos	Aumentar o número das mencións internacionais
Actuacións a desenvolver	Información ao alumnado do programa; aproveitamento das colaboracións externas
Período de execución	2021-2025
Recursos/financiamento	Convocatorias específicas de axudas á mobilidade
Responsable do seguimento e data	CAPD
Indicadores de execución	Número de mencións
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidenciar a súa implantación	Actas da CAPD

Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	